



EMPREGO E TECIDO EMPRESARIAL

2.1. Emprego

**2.2. Políticas activas de
emprego**

**2.3. Desenvolvimento do
tecido empresarial**

A ACELERACIÓN DO CRECEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA GALEGA AO LONGO DO ANO 2004 tivo a súa incidencia directa no mercado de traballo, aínda que dun xeito máis débil do que o fixera o ano anterior. A poboación activa medrou no último ano en 29,5 miles de persoas e a ocupación en 14,9 miles de traballadores, producíndose polo tanto un incremento do desemprego en 2004 de 14,5 miles de persoas.

Dado o crecemento do 3,0% do PIB a prezos de mercado ao longo de 2004, a evolución da ocupación en Galicia (1,3%) implica unha medra da produtividade aparente do traballo do 1,7%. No conxunto do Estado, a actividade económica medrou, segundo os datos da última revisión estatística, un 3,1%, e dado que a poboación ocupada o fixo nun 2,5%, a produtividade aparente do traballo aumentou un 0,6%.

A probabilidade de emprego en Galicia, calculada como a relación entre o incremento de emprego e o stock inicial de parados máis a variación de activos e a destrución de emprego, experimenta, a diferenza do acontecido en 2003, unha importante redución. Esta acada no derradeiro ano o 12,8% fronte ao 20,9% do ano anterior. No conxunto do Estado, a probabilidade de emprego descende unha décima porcentual, acadando os 18,5%.

No último ano continúa o proceso de destrución de emprego no subsector agrícola, mentres que, tanto os sectores da construción e a industria, tras reducións do ano anterior, coma o dos servizos, presentan un incremento da ocupación.

Os tres indicadores de emprego da Estratexia Europea de Emprego (EEE), definidos no cumio de Lisboa (taxa de emprego, taxa de emprego feminino e taxa de emprego da poboación comprendida entre 55 e 64 anos), rexistraron lixeiros avances respecto ao ano anterior. A pesar destes avances, a comparación cos obxectivos a acadar a medio prazo seguen reflectindo a necesidade de incrementar os esforzos da política de emprego.

A evolución do desemprego é o peor dato do mercado de traballo ao estimarse unha medra da poboación parada e da taxa de paro. Os cinco indicadores de avaliación da estratexia europea de emprego -taxa de paro, taxa de paro feminino, taxa de paro da poboación nova, a importancia relativa do desemprego de longa duración e a ratio do desemprego da poboación de 16 a 24 anos no total da poboación parada- presentan no derradeiro ano valores superiores aos rexistrados no conxunto de España, sendo especialmente preocupante a elevada taxa de desemprego feminina e a dos novos. O desemprego de longa duración afecta a case o corenta e cinco por cento dos desempregados galegos, máis de nove puntos porcentuais superior á media española.

Xunto ao mal dato do desemprego, cómpre salientar o forte incremento da sinistralidade laboral, cun 2,6% máis que no ano anterior (o número de accidentes con baixa en xornada laboral descendera en 2003 un 2,9%). O índice de incidencia, medido coma a relación entre o número de accidentes e o número medio de asalariados, presentou en 2004 unha lixeria medra, situándose seis puntos por baixo da media estatal (56,9 accidentes por cada mil traballadores asalariados en Galicia e 62,8 accidentes de media en España).

Pola contra, hai que destacar que en 2004 constituíronse 6.223 sociedades mercantís, un 15,1% máis que no ano precedente. Con esta medra, Galicia sitúase como a terceira comunidade co maior incremento relativo de constituicións de sociedades. ■

2.1. Emprego

ANTES DE ANALIZAR OS PRINCIPAIS DATOS DO MERCADO DE TRABALLO GALEGO, CÓMPRE SALIENTAR que en 2005 modificouse a metodoloxía da Enquisa de Poboación Activa (EPA). Entre as razóns que motivaron este cambio destacan a necesidade de adecuación á nova realidade demográfica e laboral, por mor, especialmente, da medra do número de estranxeiros residentes; así coma a incorporación da nova normativa europea seguindo as normas de Eurostat; e por último, a introducción de melloras no método de recollida da información.

Canto aos efectos deste cambio de metodoloxía, os **cadros 2.1.1. e 2.1.2.** reflicten que, en termos de media anual, o número de ocupados en 2004 foi a 1.083,7 miles de persoas segundo a nova metodoloxía, 36,6 miles de persoas menos que as estimadas segundo a metodoloxía aplicada ata entón, e o de parados foi de 170,6 miles de persoas, 3,7 miles menos. As taxas de actividade e ocupación redúcense nun punto porcentual e a nova taxa de desemprego estimada é unha décima superior.

Se se ten en conta o impacto nos diferentes sectores económicos, os catro sectores presentan unha caída na súa ocupación. Dos case trinta e sete mil ocupados menos estimados coa metodoloxía 2005, preto de vinte e tres pertencen ao sector servizos, descendendo en 8,9 miles de traballadores no sector industrial e en 3,8 e 1,4 miles de persoas nos sectores da construción e primario, respectivamente.

Tendo en conta que cos datos do emprego publicados polo IGE atendendo á nova metodoloxía aínda non é posible analizar aspectos importantes como a distribución da ocupación segundo ramas de actividade ou a desagregación do emprego asalariado segundo sector público e privado e segundo emprego temporal e indefinido, a súa situación profesional -e por tanto non se pode realizar o estudo da temporalidade-, a análise do mercado de traballo se realizará considerando a metodoloxía 2002.

O mercado de traballo galego en 2004 presentou dúas características fundamentais: en primeiro lugar, a ralentización no ritmo de crecemento da poboación activa e ocupada; en segundo lugar, por un novo incremento no número de desempregados, cunha intensidade superior á rexistrada no ano precedente.

No último ano, o número de activos medrou en Galicia en 29,6 miles de persoas e a poboación ocupada en 14,9 miles de persoas, producíndose polo tanto un incremento do paro en 2004 de 14,6 miles de persoas. No ano precedente, a poboación activa e ocupada medrou en 44,7 e 33,2 miles de persoas, producíndose un incremento do paro de 11,5 miles de persoas.

A pesar da devandita ralentización da creación do emprego e da medra da poboación parada, cómpre salientar que o perfil interanual amosa unha evolución máis positiva, xa que o ano rematou cun importante repunte da ocupación e cunha caída do desemprego no derradeiro trimestre do ano.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o desigual comporta-

Efectos do emprego de distintas bases poboacionais nas cifras da EPA nas CCAA: media 2004

	Ocupados			Parados		
	Base Censo 2001	Base Censo 1991	Taxa de variación	Base Censo 2001	Base Censo 1991	Taxa de variación
	(en miles de persoas)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Andalucía	2.763,2	2.687,7	75,5	568,4	549,2	19,175
Aragón	540,8	500,7	40,1	32,2	28,4	3,8
Asturias	390,4	388,5	1,9	45,2	44,9	0,25
Baleares	448,8	399,1	49,7	45,0	39,3	5,65
Canarias	806,3	786,0	20,3	109,5	105,8	3,675
Cantabria	224,9	218,5	6,4	26,5	25,7	0,775
Castela e León	959,5	957,6	1,9	114,7	112,4	2,325
Castela A Mancha	717,4	674,8	42,6	75,6	69,3	6,275
Cataluña	3.106,5	2.899,1	207,4	333,5	292,1	41,4
C. Valenciana	1.951,7	1.846,2	105,5	226,6	205,0	21,575
Extremadura	371,0	384,1	-13,1	77,0	79,3	-2,275
Galicia	1.083,7	1.120,3	-36,6	170,6	174,3	-3,7
Madrid	2.705,5	2.441,6	263,9	194,6	168,8	25,8
Murcia	542,5	488,0	54,5	64,7	57,5	7,2
Navarra	260,8	247,3	13,5	15,3	13,0	2,275
País Vasco	922,0	908,3	13,7	99,1	94,2	4,875
Rioxa (A)	128,4	118,1	10,3	7,6	6,9	0,65
Ceuta e Melilla	47,6	50,8	-3,2	7,7	7,8	-0,075
Total	17.971,0	17.116,7	854,3	2.213,6	2.073,9	139,65

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

Efectos do emprego de distintas bases poboacionais nas cifras da EPA nas CCAA: media 2004

	Taxas de actividade		Taxas de ocupación		Taxas de paro	
	Base Censo 2001	Base Censo 1991	Base Censo 2001	Base Censo 1991	Base Censo 2001	Base Censo 1991
	(%)		(%)		(%)	
Andalucía	53,6	53,6	44,5	44,5	17,1	17,0
Aragón	54,3	53,3	51,3	50,5	5,6	5,4
Asturias	46,4	47,1	41,6	42,2	10,4	10,4
Baleares	63,1	61,8	57,4	56,3	9,2	9,0
Canarias	58,9	58,4	51,9	51,5	12,0	11,9
Cantabria	53,2	53,3	47,6	47,7	10,5	10,5
Castela e León	50,5	50,9	45,1	45,6	10,7	10,5
Castela A Mancha	52,1	51,7	47,1	46,9	9,5	9,3
Cataluña	60,8	59,8	54,9	54,3	9,7	9,2
C. Valenciana	58,3	57,9	52,2	52,1	10,4	10,0
Extremadura	50,8	51,7	42,1	42,9	17,2	17,1
Galicia	53,2	54,2	46,0	46,9	13,6	13,5
Madrid	60,1	57,9	56,0	54,2	6,7	6,5
Murcia	58,3	57,2	52,1	51,2	10,7	10,5
Navarra	57,2	56,6	54,1	53,8	5,5	5,0
País Vasco	56,4	56,1	50,9	50,8	9,7	9,4
Rioxa (A)	54,9	54,2	51,9	51,2	5,6	5,5
Ceuta e Melilla	52,3	51,8	45,0	44,9	13,9	13,4
Total	56,4	55,8	50,2	49,8	11,0	10,8

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

CADRO 2.1.1. ▲

mento entre os sectores primarios e os non primarios. No último ano continúa a acusada destrución de emprego no subsector da “agricultura, gandería, caza e silvicultura”, mentres que os tres sectores non primarios –industria, construción e servizos– presentan medras na súa ocupación.

CADRO 2.1.2. ▲

En 2004, e a diferenza do acontecido no ano anterior, rexístrase unha medra tanto do emprego asalariado como no dos traballadores por conta propia, aínda que a meirande parte da mesma correspondeu ao de carácter asalariado. A pesar de que o incremento do número de asalariados con contrato indefinido foi superior ao de asalariados temporais, a taxa de temporalidade mantívose no mesmo nivel do ano 2003.

Traballadores en alta laboral 2003-04⁽¹⁾: distribución segundo réximes

	2003				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	131	131	-	-	-
Réxime Xeral	667.724	283.616	71.908	69.984	242.216
Réxime Especial Agrario	64.754	22.351	23.736	7.048	11.619
Réxime Especial Empregados Fogar	14.527	5.931	1.953	2.205	4.438
Réxime Especial Autónomo	170.403	68.593	21.605	22.709	57.496
Réxime Especial do Mar	29.584	7.381	2.280	-	19.923
Total	947.123	388.003	121.482	101.946	335.692

	2004				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	116	116	-	-	-
Réxime Xeral	686.944	292.944	73.325	71.178	249.497
Réxime Especial Agrario	62.208	21.621	22.959	6.562	11.066
Réxime Especial Empregados Fogar	15.310	6.253	2.096	2.349	4.612
Réxime Especial Autónomo	176.686	71.205	22.411	23.217	59.853
Réxime Especial do Mar	29.044	7.324	2.280	-	19.440
Total	970.308	399.463	123.071	103.306	344.468

	2003/2004				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
			(%)		
Réxime Minería do Carbón	-11,5	-11,5			
Réxime Xeral	2,9	3,3	2,0	1,7	3,0
Réxime Especial Agrario	-3,9	-3,3	-3,3	-6,9	-4,8
Réxime Especial Empregados Fogar	5,4	5,4	7,3	6,5	3,9
Réxime Especial Autónomo	3,7	3,8	3,7	2,2	4,1
Réxime Especial do Mar	-1,8	-0,8			-2,4
Total	2,4	3,0	1,3	1,3	2,6

(1) en medias anuais

Fonte: IGE, Afiliações á Seguridade Social

O paro rexistrado en Galicia medrou en 2004 un 1,0%, ascendendo, en media anual, a 147.423 persoas, o 8,8% do desemprego rexistrado de media en España.

▲ CADRO 2.1.3.

O ano 2004 rexistrou unha medra do número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. Fronte á caída dun 2,9% experimentada en 2003, no último ano estes accidentes medraron un 2,6%, acadando os 47.369 accidentes. A pesar do lixeiro incremento do índice de incidencia laboral en Galicia, este segue estando por baixo da media estatal, acadando os 56,9 accidentes por cada mil asalariados fronte aos 62,8 accidentes en España.

DATOS DE EMPREGO DA SEGURIDADE SOCIAL

Ao longo do ano 2004 o número medio de traballadores afiliados en alta laboral rexistrou unha medra similar á do ano anterior, con 23.185 traballadores afiliados máis. Tras esta medra do 2,4%, o número de traballadores afiliados sitúase en 970.308 persoas.

En 2004, sete de cada dez traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e o 18,2% o estaba no réxime especial de autónomos. O **cadro 2.1.3.** indica que o número de afiliados no réxime xeral ascendeu a 686.944 persoas, 19.220 afiliados máis que no ano anterior (2,9% traballadores máis), e 176.685 traballadores ao réxime especial de autónomos, case 6.300 afiliados máis (3,7%).

Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2003-04⁽¹⁾: distribución segundo ramas de actividade

	2003		2004		03/04	
	(número)	(% / total)	(número)	(% / total)	(número)	(%)
Sector primario	99.743	10,5	97.367	10,0	-2.376	-2,4
Agricultura, gandería, caza e act dos servizos relacionados	70.301	7,4	68.274	7,0	-2.027	-2,9
Silvicultura, explotación forestal e act dos servizos relacionados	1.314	0,1	1.520	0,2	206	15,7
Pesca, acuicultura e act. dos servizos relacionados	28.128	3,0	27.573	2,8	-555	-2,0
Industria	164.646	17,4	164.685	17,0	39	0,0
Minería enerxética	192	0,0	176	0,0	-16	-8,3
Minería non enerxética	6.455	0,7	6.386	0,7	-69	-1,1
Alimentación	25.934	2,7	26.055	2,7	121	0,5
Téxtil, confección e coiro	20.463	2,2	19.941	2,1	-522	-2,6
Madeira	13.575	1,4	13.629	1,4	54	0,4
Papel e edición	7.409	0,8	7.717	0,8	308	4,2
Refinado do petróleo	592	0,1	642	0,1	50	8,4
Química	3.795	0,4	3.848	0,4	53	1,4
Caucho e plástico	3.738	0,4	3.729	0,4	-9	-0,2
Productos minerais non metálicos	12.036	1,3	12.110	1,2	74	0,6
Metalurxia e produtos metálicos	20.471	2,2	20.947	2,2	476	2,3
Maquinaria	5.505	0,6	5.501	0,6	-4	-0,1
Material eléctrico e óptico	6.146	0,6	6.215	0,6	69	1,1
Material de transporte	26.455	2,8	25.768	2,7	-687	-2,6
Fabricación de mobles	6.795	0,7	7.042	0,7	247	3,6
Reciclaxe	475	0,1	554	0,1	79	16,6
Electricidade, gas, auga	4.610	0,5	4.425	0,5	-185	-4,0
Construcción	118.111	12,5	122.074	12,6	3.963	3,4
Servicios	564.626	59,6	586.186	60,4	21.560	3,8
Venda e reparación vehículos, gasoliñeiras	25.247	2,7	25.852	2,7	605	2,4
Comercio por xunto e interm. agás veh. motor	50.206	5,3	52.489	5,4	2.283	4,5
Comercio polo miúdo agás veh. motor; repar. ef. pers.	100.743	10,6	103.986	10,7	3.243	3,2
Hostalería	56.401	6,0	59.273	6,1	2.872	5,1
Transporte; act. anexas ó transporte e act. axencias viaxe	41.795	4,4	42.960	4,4	1.165	2,8
Correos e telecomunicacións, intermediación financeira	26.034	2,7	26.285	2,7	251	1,0
Actividades inmobiliarias	6.055	0,6	6.890	0,7	835	13,8
Alugueiro maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2.190	0,2	2.443	0,3	253	11,6
Actividades informáticas e I+D	4.312	0,5	5.035	0,5	723	16,8
Outras actividades empresariais	61.962	6,5	66.857	6,9	4.895	7,9
Adm. pública, defensa nacional e seguridade social	64.270	6,8	64.370	6,6	100	0,2
Educación	25.704	2,7	25.570	2,6	-134	-0,5
Act. sanitarias e veterinarias, servizos sociais; act. saneamento público	48.992	5,2	51.169	5,3	2.177	4,4
Fogares e outros	50.715	5,4	53.007	5,5	2.292	4,5
Total	947.126	100	970.312	100	23.186	2,4

(1) en medias anuais

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

CADRO 2.1.4. ▲

Un ano máis a afiliación ao Réxime Especial Agrario (REA) e ao Réxime Especial do Mar (REM) presentan unha caída no número de afiliacións en alta laboral. No primeiro caso, esta redución foi do 3,9% (2.545 traballadores), e no segundo, do 1,8% (539 afiliados), acadando as 62.209 e 29.045 afiliacións, respectivamente. A importancia relativa das afiliacións no REA no volume total de afiliacións galegas reduciuse ata o 6,4% (catro décimas menos que en 2003) e a do REM ata o 3,0% (unha décima inferior á obtida no ano anterior).

O incremento nas afiliacións volve a aumentar en Galicia nas catro provincias. Destas novas afiliacións, 11.460 (o 49,4%) corresponden á provincia de A Coruña, 8.776 a Pontevedra (37,9%), 1.589 afiliacións a Lugo (6,9%) e 1.360 a Ourense (5,9%). Tras estes incrementos, o número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en A Coruña acadou as 399.462 persoas, os 344.469 traballadores en Pontevedra e os 123.071 e 103.306 afiliados en Lugo e Ourense, respectivamente.

No que atinxe á distribución sectorial dos traballadores afiliados á Seguridade Social, **cadro 2.1.4.**, ao igual que en 2003 prodúcese unha medra nos

sectores servizos e construción, descendendo as afiliacións no sector primario. Fronte á caída no número de afiliacións no conxunto das ramas industriais en 2003, no último ano mantivéronse as afiliacións no sector.

Seis de cada dez afiliados á seguridade social o están nas actividades pertencentes ao sector servizos. Tras unha medra de 21.560 afiliacións, un 3,8%, o número persoas afiliadas acadou os 586.186 traballadores. As actividades máis importantes son as de “comercio polo miúdo agás vehículos de motor”, que acolle case o 18% das afiliacións do sector, e as de “outras actividades empresariais” e “administración pública, defensa nacional e seguridade social”, que acollen en torno ao 11% dos traballadores afiliados.

Trala lixeira caída no número de persoas afiliadas nas ramas industriais en 2003, no último ano as afiliacións permanecen practicamente constantes, situándose nas 164.685 persoas, 39 máis que no ano anterior. As actividades máis importantes son as relacionadas coa alimentación e bebidas e co material de transporte, que representan case un 16% das afiliacións neste sector. A construción presenta un 2004 unha medra de 3.963 afiliacións, situándose nas 122.074 persoas afiliadas.

O número de traballadores afiliados á Seguridade Social nas ramas de actividade englobadas no sector primario volveu a descender en 2004, sendo esta caída máis acusada que a rexistrada no ano anterior. As afiliacións neste sector acadaron as 97.367 persoas, 2.376 afiliacións menos que en 2003 (2,4% menos que no ano anterior), das que o 70,1% corresponderon ás actividades agrícolas e gandeiras, e un 28,3%, ás actividades pesqueiras. O descenso nas afiliacións no sector prodúcese nestas dúas ramas de actividade, xa que nas actividades de “silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados” volve a incrementarse o número de traballadores afiliados.

EMPREGO SEGUNDO A EPA

Os datos da Enquisa de Poboación Activa indican que o mercado de traballo galego ao longo do ano 2004 presenta un novo incremento da poboación activa e ocupada, se ben a un ritmo inferior ao estimado no ano anterior. Asemade, xunto a esta ralentización no ritmo de crecemento dos activos e ocupados en Galicia no último ano, o mercado de traballo caracterízase por unha medra do número de desempregados, que é superior en catro puntos á rexistrada en 2003.

A poboación activa galega ascendeu, en media, a 1.294,6 persoas en 2004, un 2,3% máis que no ano precedente. Comparado cos datos do ano 2003, esta medra é 1,4 puntos porcentuais inferior. Tendo en conta a evolución da poboación maior de 16 anos, a taxa de actividade aumentou dende os 53,1% de 2003 ata os 54,2% do último ano, sendo esta medra máis acusada no caso das mulleres que no dos homes. Tras unha medra de 1,7 puntos porcentuais respecto a 2003, a taxa de actividade feminina ascendeu a 45,5%, mentres que a dos homes acadou os 63,8% (catro décimas máis que no ano anterior).

A ocupación media estimada en Galicia no ano 2004 medrou un 1,3% respecto ao ano anterior, sendo este incremento 1,8 puntos porcentuais inferior á obtida nese ano. En termos absolutos, o número de traballadores ocupados en 2004 medrou en case quince mil persoas, acadando as 1.120,3 miles de persoas.

A evolución trimestral da ocupación total galega ao longo de 2004 indica un comportamento desigual no primeiro e segundo semestre do ano. Fronte ao

reducido crecemento da actividade económica no primeiro semestre de 2004, cando a ocupación medrou un 0,5% nos primeiros tres meses e un 0,4%, no segundo trimestre, no segundo semestre do ano, as taxas de crecemento da poboación ocupada acadan un 1,1% e 3,4% no terceiro e cuarto trimestre, respectivamente.

Como se analiza no subapartado “*Indicadores de avaliación para a estratexia europea de emprego*”, o devandito incremento do emprego fixo que os principais indicadores de avaliación para a estratexia europea de emprego no que á ocupación se refire (taxa de emprego total, taxa de emprego feminino e taxa de emprego de persoas maiores de 55 anos), medraran lixeiramente. A pesar desta mellora, estes indicadores seguen a estar por baixo dos “obxectivos intermedios” fixados no Cumio de Estocolmo para 2005.

No concernente ao desemprego, o número medio de parados estimado pola EPA para o ano 2004 ascendeu a 174,3 miles de persoas, 14,5 miles de desempregados máis que no ano anterior. Este novo incremento do desemprego (9,1% respecto ao ano precedente), superior ao producido no ano anterior, fixo que a taxa de paro se situara no 13,5% (a taxa de desemprego acada en España o 10,8%), nove décimas superior á do ano 2003.

Dos cinco indicadores de avaliación para a Estratexia Europea de Emprego no que ao paro se refire, recollidos no **cadro 2.1.11.**, ao longo do ano 2004 prodúcese un empeoramento en catro deles. Xunto ao devandito incremento da taxa de paro, que implica unha medra do diferencial coa media española (2,7 puntos por riba da media estatal fronte aos 1,3 puntos do ano anterior), no último ano volve a aumentar a taxa de paro feminina, que acada un valor de 19,1% (4,2 puntos porcentuais superior á media estatal). Tan só a taxa de desemprego xuvenil, a diferenza do acontecido no anterior, descende lixeiramente, situándose no último ano no 25,9% (tres décimas menos que en 2003).

• **Análise sectorial**


Ao igual que en anos anteriores, o mercado de traballo presenta un comportamento desigual entre a ocupación estimada no sector agrícola e pesqueiro e nos sectores non primarios considerados no seu conxunto. Os datos recollidos no **cadro 2.1.5.** amosan que fronte ao acusado retroceso do número de ocupados no sector primario, 2004 presenta unha medra nos outros tres grandes sectores de actividade, sendo este ano a construción onde se obtivo o maior incremento en termos relativos.

O emprego medio no sector primario descendeu ao longo do ano 2004 en máis de dez mil traballadores, acadando os 126,0 miles de ocupados (o 11,2% da poboación ocupada en Galicia). A pesar do descenso do seu peso relativo no conxunto da ocupación en Galicia (12,4% en 2003), este segue sendo moi elevado en comparación coa media estatal (5,4% no último ano).

A diferenza do acontecido en 2003, a ocupación estimada descendeu ao longo dos catro trimestres de 2004, situándose esta caída por riba do dez por cento no primeiro e terceiro trimestre do ano en relación ao mesmo período do ano anterior.

Tralo descenso da ocupación no sector industrial en 2003, o emprego estimado no ano 2004 experimentou unha medra do 0,4% (0,9 miles de persoas) para acadar os 215,5 miles de traballadores (o 19,2% do emprego galego). A evolución do emprego ao longo do ano amosa unha caída do emprego no primeiro

Evolución trimestral da poboación activa, ocupada e desempregada 2001-2004



Fonte: IGE

◀ GRÁFICO 2.1.1.


▼ CADRO 2.1.5.

Poboación ocupada 2003-04: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel de formación acadado

	2003			2004			04/03		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
(en miles de persoas)									
(%)									
Poboación ocupada	659,8	445,7	1.105,4	660,8	459,5	1.120,3	0,2	3,1	1,3
Sectores económicos									
Agricultura e pesca	71,7	65,0	136,7	66,8	59,2	126,0	-6,8	-8,9	-7,8
Industria	156,8	57,8	214,6	155,1	60,3	215,4	-1,1	4,3	0,4
Construcción	124,8	4,6	129,4	126,9	7,7	134,6	1,7	67,4	4,0
Servizos	306,4	318,3	624,7	311,9	332,3	644,2	1,8	4,4	3,1
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	164,0	122,0	285,9	165,1	121,0	286,1	0,7	-0,8	0,1
Empregador	53,5	15,5	69,0	52,1	16,7	68,9	-2,6	7,7	-0,1
Empresarios sen asalariados	98,8	83,2	182,0	100,6	78,1	178,7	1,8	-6,1	-1,8
Membros cooperativa	1,9	2,3	4,2	2,6	2,9	5,5	36,8	26,1	31,0
Axudas familiares	9,8	20,9	30,7	9,7	23,2	33,0	-1,0	11,0	7,5
Asalariados	495,4	323,4	818,8	495,1	338,1	833,1	-0,1	4,5	1,7
Outra situación	0,4	0,3	0,7	0,6	0,5	1,1	50,0	66,7	57,1
Grupos de idade									
16-19 anos	11,7	5,2	16,9	9,9	2,5	12,4	-15,4	-51,9	-26,6
20-24 anos	51,6	31,4	83,1	50,7	33,9	84,7	-1,7	8,0	1,9
25-54 anos	509,6	351,9	861,5	512,5	363,5	876,0	0,6	3,3	1,7
55 e máis anos	86,9	57,2	144,1	87,6	59,6	147,2	0,8	4,2	2,2
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,9	0,6	1,5	0,7	2,2	2,9	-22,2	266,7	93,3
Educación primaria	137,5	97,6	235,1	113,7	77,3	191,0	-17,3	-20,8	-18,8
Educación secundaria	368,5	205,4	573,9	384,7	219,4	604,1	4,4	6,8	5,3
Primera etapa	248,1	120,3	368,4	258,2	130,2	388,4	4,1	8,2	5,4
Segunda etapa	120,4	85,1	205,5	126,5	89,2	215,7	5,1	4,8	5,0
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	0,6	0,3	0,9	0,6	0,4	1,0	0,0	33,3	11,1
Educación superior, agás doutorado	148,9	140,2	289,1	157,0	158,2	315,2	5,4	12,8	9,0
Doutorado	3,3	1,6	4,9	4,1	2,0	6,1	24,2	25,0	24,5

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

Evolución ocupación 2000-03: distribución segundo sectores



Base: 1º trimestre 2000 = 100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Enquisa de Poboación Activa

Poboación ocupada 2003-04: distribución segundo sectores económicos

	2003			2004			04/03		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
			(en miles de persoas)						
			(%)						
A Coruña	273,1	183,8	456,9	273,8	189,2	463,0	0,3	2,9	1,3
Agricultura e pesca	23,3	21,6	45,0	19,3	18,3	37,6	-17,2	-15,3	-16,4
Industria	57,7	26,1	83,8	59,9	27,0	86,9	3,8	3,4	3,7
Construcción	54,1	1,7	55,8	53,3	2,7	56,0	-1,5	58,8	0,4
Servizos	138,0	134,3	272,3	141,3	141,2	282,5	2,4	5,1	3,7
Lugo	83,3	61,1	144,4	86,3	62,1	148,4	3,6	1,6	2,8
Agricultura e pesca	21,0	20,1	41,2	21,5	20,4	41,9	2,4	1,5	1,7
Industria	16,4	3,1	19,5	16,5	2,3	18,8	0,6	-25,8	-3,6
Construcción	12,1	0,5	12,6	12,2	1,4	13,6	0,8	180,0	7,9
Servizos	33,8	37,3	71,1	36,1	38,0	74,1	6,8	1,9	4,2
Ourense	78,5	52,1	130,7	73,8	51,0	124,8	-6,0	-2,1	-4,5
Agricultura e pesca	6,9	7,7	14,6	6,7	7,9	14,6	-2,9	2,6	0,0
Industria	18,6	5,2	23,8	17,4	4,8	22,2	-6,5	-7,7	-6,7
Construcción	16,1	1,1	17,2	15,0	1,5	16,5	-6,8	36,4	-4,1
Servizos	37,0	38,1	75,1	34,7	36,8	71,5	-6,2	-3,4	-4,8
Pontevedra	224,8	148,7	373,6	227,0	157,2	384,2	1,0	5,7	2,8
Agricultura e pesca	20,5	15,5	36,0	19,4	12,6	32,0	-5,4	-18,7	-11,1
Industria	64,1	23,4	87,5	61,3	26,2	87,5	-4,4	12,0	0,0
Construcción	42,6	1,3	43,9	46,5	2,1	48,6	9,2	61,5	10,7
Servizos	97,6	108,5	206,2	99,8	116,3	216,1	2,3	7,2	4,8
Total	659,8	445,7	1.105,4	660,8	459,5	1.120,3	0,2	3,1	1,3
Agricultura e pesca	71,8	65,0	136,7	66,9	59,2	126,1	-6,8	-8,9	-7,8
Industria	156,8	57,8	214,6	155,1	60,3	215,4	-1,1	4,3	0,4
Construcción	124,8	4,6	129,5	127,0	7,7	134,7	1,7	66,5	4,1
Servizos	306,5	318,3	624,7	311,9	332,3	644,2	1,8	4,4	3,1

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

GRÁFICO 2.1.2. ▲

semestre, fronte a un lixeiro resultado positivo no terceiro trimestre do ano (0,1%) e un crecemento do 5,6% no derradeiro trimestre do ano.

CADRO 2.1.6. ▲

O emprego tamén medrou no sector da construción trala caída do ano anterior. O número medio de ocupados en 2004 foi un 4,1% superior ao correspondente ao ano anterior, acadando os 134,7 miles de persoas (12,0% do total galego).

A caída presentada ao longo dos catro trimestres do ano 2003 estendese ao primeiro trimestre do ano, cun retroceso do 4,3% interanual. Nos restantes trimestres do ano, o emprego presenta uns resultados positivos, sendo o máis acusado o estimado no segundo trimestre do ano, cunha medra interanual do 8,2%.

Case seis de cada dez traballadores están ocupados nas actividades englobadas no sector servizos, que obtivo un crecemento medio de 19,5 miles de traballadores (un 3,1%). Este crecemento é inferior ao estimado para o ano anterior, cando o sector foi o único que presentou unha medra do emprego (un 7,2%). A diferenza do acontecido nos outros tres sectores de produción, o emprego medra ao longo de todo o ano, aínda que as taxas de crecemento interanuais son inferiores ás estimadas no ano anterior.

Dende unha perspectiva temporal máis ampla, a evolución de cada sector indica, **gráfico 2.1.2.**, un descenso progresivo da ocupación no sector primario, así como o dinamismo do sector servizos e un cambio de tendencia en 2004 dos sectores industrial e da construción.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividades, os datos do IGE indican que o resultado negativo do sector primario concentrouse no subsector de “agricultura, gandería, caza e silvicultura”, con 11,7 miles de traballadores menos que no ano anterior. Pola contra, tralo descenso da ocupación experimentada en 2003 (2,2 miles de ocupados menos), a ocupación na pesca e piscicultura medrou en 1,0 miles de persoas (**cadro 2.1.7.**).

No sector industrial as ramas máis importantes en canto á ocupación se refire son as de fabricación de material de transporte e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, que acollen o 35,0% da ocupación industrial. Cómpre salientar que estas dúas ramas de actividade son as que presentan a caída máis acusada, con 1,6 e 2,9 miles de persoas ocupadas menos que en 2003, e que as actividades onde se producen as medras máis acusadas son as de “coquerías, fabricación de produtos químicos e produción de metais” e as industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtiles, con 3,1 e 1,5 miles de traballadores máis.

A actividade máis importante do sector servizos no que ao número de ocupados se refire, é a correspondente ao comercio por xunto e polo miúdo, que acolle o 22,4% do emprego neste sector. No que atinxe ao incremento do emprego respecto ao ano anterior, xunto a esta rama de actividade, que presenta unha medra de 4,9 miles de ocupados, cómpre salientar a de educación, onde ocupación aumentou en 4,7 miles de persoas. Como reflicte o devandito **cadro 2.1.7.**, dúas das doce ramas de actividade do sector presenta una caída da ocupación: “hoteis, restaurantes e bares”, con 1,8 miles de traballadores menos, e o da “administración pública, defensa e Seguridade Social”, con 2,9 miles de persoas menos.

No que atinxe á poboación parada, dos 174,3 miles de desempregados galegos estimados en 2004, o 37,5% (65,4 miles de persoas) pertencen ao sector servizos. O desemprego medio no sector industrial ascendeu a 23,3 miles de persoas e na construción, a 14,2 miles de traballadores. No sector primario, o desemprego medio foi de 5,7 miles de persoas.

Ao igual que o acontecido en anos anteriores, o desemprego aumentou nos diferentes sectores económicos. Dos 14,6 miles de parados máis en relación ao ano 2003, máis da metade pertencen ao sector servizos, con 7,7 miles de desempregados máis, en tanto que 1,4 miles de persoas corresponden aos sectores pri-

CADRO 2.1.7. ►

Poboación ocupada en Galicia 2003-04: distribución segundo ramas de actividade

	2003		2004				03/02
	Media anual	Media anual	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	
			(en miles de persoas)				(%)
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	109,7	98,0	101,1	100,3	94,9	95,7	-10,7
Pesca e piscicultura	27,0	28,0	24,5	24,7	29,4	33,2	3,7
Industrias extractivas	9,8	9,3	9,1	9,8	10,1	8,1	-5,1
Producción, transp. e distrib. de electríc., gas e auga	5,5	6,0	6,2	6,2	5,9	5,8	9,1
Coquerías, fabric. de prod. químicos e prod. metais	21,0	24,1	23,1	24,5	24,0	24,8	14,8
Fabricación de produtos metálicos. Construción de máquinas e material mecánico	26,9	27,4	27,8	25,3	29,6	26,8	1,9
Fabricación de material de transporte	39,4	37,8	37,1	38,5	37,0	38,5	-4,1
Industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	40,6	37,7	38,6	38,2	35,6	38,4	-7,1
Industrias do textil, coiro, calzado e confeccións textis	26,3	27,8	24,9	27,8	26,8	31,6	5,7
Industrias da madeira e cortiza	17,9	18,5	18,2	18,4	19,3	18,1	3,4
Industrias do papel, artes gráficas e edición e reprodución de soportes gravados	6,4	7,8	6,4	7,2	8,8	8,7	21,9
Outras industrias manufactureiras	20,8	19,2	18,5	19,2	18,6	20,4	-7,7
Construción	129,4	134,7	128,4	134,4	138,8	137,0	4,1
Comercio por xunto e polo miúdo	139,6	144,5	145,5	140,8	142,2	149,6	3,5
Venda, mantem. e reparac. de vehículos de motor. Gasolinerías	29,7	30,5	32,2	29,4	31,3	29,0	2,7
Hotéis, restaurantes e bares	57,6	55,8	50,2	52,6	61,0	59,4	-3,1
Transportes e activ. anexas. Comunicacions	56,5	57,3	58,6	60,9	55,5	54,1	1,4
Institucións financeiras e de seguros	19,7	22,0	21,1	21,9	23,4	21,6	11,7
Educación	57,5	62,2	63,3	60,8	63,1	61,6	8,2
Sanidade	57,7	59,0	56,3	62,3	61,0	56,4	2,3
Admons. públicas, defensa e seguridade social	76,6	73,7	73,4	66,9	70,1	82,3	-3,8
Outros servizos	129,8	139,3	136,0	138,0	141,9	141,1	7,3
Total	1.105,4	1.120,3	1.100,5	1.110,1	1.128,3	1.142,2	1,3


Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta de Población Activa

Poboación parada 2003-04: distribución segundo sector económico, grupos de idade, tempo de procura de emprego e nivel de formación acadado

	2003			2004			04/03		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Poboación parada	59,7	100,1	159,8	65,5	108,8	174,3	9,7	8,7	9,1
Sectores económicos									
Agricultura e pesca	2,8	1,5	4,3	3,4	2,3	5,7	21,4	53,3	32,6
Industria	10,8	11,3	22,1	11,6	11,7	23,3	7,4	3,5	5,4
Construcción	12,5	1,5	14,0	13,3	0,9	14,2	6,4	-40,0	1,4
Servizos	17,6	40,1	57,7	20,8	44,6	65,4	18,2	11,2	13,3
Levan máis de 3 anos en paro	6,2	20,4	26,6	7,6	22,8	30,4	22,6	11,8	14,3
Buscan o seu 1º emprego	9,8	25,3	35,1	8,9	26,5	35,4	-9,2	4,7	0,9
Grupos de idade									
16-19 anos	3,4	2,6	6,0	2,8	2,1	4,9	-17,6	-19,2	-18,3
20-24 anos	10,9	18,8	29,7	11,6	17,4	29,0	6,4	-7,4	-2,4
25-54 anos	41,0	73,9	114,9	43,9	84,0	127,9	7,1	13,7	11,3
55 e máis anos	4,4	4,8	9,2	7,2	5,3	12,5	63,6	10,4	35,9
Tempo procura de emprego									
menos de 1 mes	3,7	3,8	7,5	3,5	3,2	6,7	-5,4	-15,8	-10,7
de 1 a 2 meses	10,9	10,9	21,8	9,3	12,0	21,3	-14,7	10,1	-2,3
de 3 a 5 meses	10,5	13,0	23,5	11,2	13,5	24,7	6,7	3,8	5,1
de 6 a 11 meses	10,4	16,3	26,7	13,9	19,1	33,0	33,7	17,2	23,6
de 1 a 2 anos	7,6	17,2	24,8	9,6	18,1	27,7	26,3	5,2	11,7
máis de 2 anos	11,3	34,4	45,7	12,3	38,2	50,5	8,8	11,0	10,5
xa atopou traballo	5,2	4,5	9,7	5,7	4,7	10,4	9,6	4,4	7,2
Nivel de formación acadado									
Educación primaria	9,6	10,8	20,4	8,1	11,4	19,5	-15,6	5,6	-4,4
Educación secundaria. Primeira etapa	23,8	31,1	54,9	27,3	37,0	64,3	14,7	19,0	17,1
Educación secundaria. Segunda etapa	11,3	23,8	35,1	15,7	26,4	42,1	38,9	10,9	19,9
Formación e inserción laboral con título de secundaria (2ª etapa)	-	0,2	0,2	-	0,1	0,1			
Educación superior, agás doutorado	14,7	34,2	48,9	14,1	34,0	48,1	-4,1	-0,6	-1,6
Doutorado	0,2	-	0,2	0,2	-	0,2	0,0		0,0

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa; INE, Encuesta de Población Activa

Evolución da poboación parada 2003-04: distribución segundo sectores



Fonte: IGE, EPA

▲ CADRO 2.1.8.

▲ GRÁFICO 2.1.3.

CADRO 2.1.9. ►

Taxas de paro en Galicia 2003-2004: distribución segundo sector económico							
	2003				2004		
	Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres
	(%)						
Total	12,6	8,3	18,3	13,5	9,0	19,1	
S. Primario	3,0	3,8	2,3	4,3	4,8	3,7	
Industria	9,3	6,4	16,4	9,7	7,0	16,3	
Construcción	9,8	9,1	24,6	9,5	9,5	10,5	
Servizos	8,5	5,4	11,2	9,2	6,3	11,8	

Fonte: *INE, Encuesta de Población Activa*

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

marios e 1,2 miles de persoas e 0,2 miles de persoas, aos sectores industriais e a construción, respectivamente. No último ano, o número de persoas que están a procura do seu primeiro emprego ou deixaron o derradeiro emprego hai máis de tres anos medrou en 4,1 miles de persoas.

Se se ten en conta a evolución interanual, o mencionado descenso do desemprego no derradeiro trimestre do ano (4,9%), ven explicado pola caída do desemprego nos sectores da industria, construción e servizos. Pola contra, o sector primario, tras unha caída do desemprego no terceiro trimestre do ano, presenta unha medra do 31,3% no último trimestre do ano.

Se se toma como base 100 o número de desempregados no primeiro trimestre de 2003, o **gráfico 2.1.3.** reflicte que no derradeiro trimestre de 2004 tan só a construción e a industria presentan un valor inferior a cen, con 94,9 e 96,1, respectivamente. Todos os sectores, agás o da construción, presentan o índice máis elevado no primeiro trimestre de 2004 (a construción presenta o índice máis alto no derradeiro trimestre de 2003).

Os sectores da industria e da construción volven a presentar as taxas de desemprego máis elevadas, co 9,7% e 9,5%, respectivamente, mentres que o sector primario segue a ser a actividade económica coa taxa máis reducida, co 4,3%. O **cadro 2.1.9** indica que o sector da construción foi o único que experimentou unha caída da taxa de paro (tres décimas menos que en 2003), en tanto que os maiores incrementos rexistráronse nos sectores primario e servizos, con 1,3 e 0,7 puntos porcentuais máis que en 2003.

Cómpre salientar que nos sectores non primarios, as mulleres presentan unhas taxas de desemprego superiores ás rexistradas no caso dos homes, sendo este diferencial máis acusado no caso da industria, cun diferenza de 9,3 puntos porcentuais.

• Perfil persoal da ocupación e o desemprego

O maior incremento da ocupación feminina nos servizos e na construción, sumado á medra de traballadoras na industria, explica o resultado global de maior crecemento do número de mulleres ocupadas en Galicia en 2004: un 3,1% fronte ao 0,2% entre os homes. Como media, o número de homes ocupados ascendeu a 660,8 miles de persoas, o 59,0% dos ocupados de Galicia, e o de mulleres a 459,5 miles de persoas, o 41,0% restante.

A taxa de ocupación das mulleres mellorou en 2004 nun punto porcentual, situándose no 36,8%. No derradeiro ano redúcese o diferencial entre as taxas de

emprego correspondente ás mulleres e ós homes, xa que esta permanece constante en 58,1%.

Pese ao incremento da ocupación en Galicia, o **cadro 2.1.5.** indica que a poboación máis nova, a comprendida entre os 16 e os 19 anos, ve como a ocupación descende entre eles. En 2004, o número de xoves ocupados ascendeu a 12,4 miles de traballadores, 4,5 miles de persoas menos que en 2003. Este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres.

En termos porcentuais, o maior incremento da ocupación rexístrase entre o grupo de persoas de máis de 55 anos, cunha medra do 2,2% respecto á ocupación do ano anterior. A ocupación entre as persoas que ocupan a franxa de idade entre os 20 e os 24 anos medrou un 1,9%, mentres que no grupo de persoas entre os 25 e os 54 anos, esta medra foi dun 1,7% en relación aos datos correspondentes a 2003

Atendendo á distribución segundo nivel de estudos, o devandito **cadro 2.1.5.** reflicte que en torno a un tercio da poboación ocupada galega presenta un nivel de estudos de educación secundaria (primeira etapa), e un 28,1% posúen educación superior (agás doutoramento). Cómpre salientar que o número de mulleres con estudos superiores é superior á dos homes, representando o 34,4% das mulleres ocupadas e o 23,8% da poboación ocupada masculina.

A diferenza do que acontece coa ocupación, o número de mulleres desempregadas é superior ao dos homes. Das 174,3 miles de persoas paradas en Galicia en 2004 segundo a estimación da EPA, o 62,4% (108,8 miles de parados) son mulleres. Comparado co ano anterior, o desemprego medrou en 14,5 miles de persoas, das que 8,7 miles de parados son mulleres, o 60,0% dos novos desempregados.

A taxa de paro galega situouse en 2004 en 13,5%, sendo a da mulleres do 19,1% e a dos homes do 9,0%. Un ano máis, o diferencial entre as dúas taxas de desemprego volve a incrementarse, acadando no derradeiro ano os 10,1 puntos porcentuais fronte ós dez puntos do ano anterior ou os case oito puntos de 2001, ano en que entrou en vigor a nova definición de desemprego.

As taxas de desemprego máis elevadas corresponderon á poboación nova. Entre os xoves de 16 a 19 anos a taxa de paro acada o 28,1% e entre os mozos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos, o 25,3%. Entre as mulleres a taxa de paro nestes grupos de idade situouse en 45,5% e 34,0%, respectivamente, aumentando o diferencial coas taxas dos homes ata os 23,7 e 15,4 puntos porcentuais, respectivamente.

Atendendo ao tempo de procura de emprego, o número de desempregados de longa duración, os que levan máis dun ano en paro, ascendeu a 78,3 miles de persoas (56,3 miles son mulleres). Os desempregados que levan máis de dous anos na procura de emprego, os chamados parados de moi longa duración, ascenderon a 50,6 miles de parados, dos que 38,2 miles de persoas son mulleres.

O peso relativo dos desempregados de longa duración sobre o total de desempregados medrou en 2004 sete décimas respecto ao estimado en 2003, para situarse no 44,9% dos desempregados. Se se considera a porcentaxe de poboación parada que leva máis de dous anos na procura de emprego, esta porcentaxe ascende ao 29,0%, catro décimas máis que no ano anterior.

O indicador sobre a porcentaxe de paro de longa duración acadou o 51,7% no caso das mulleres, máis de 18 puntos porcentuais superior ao valor deste indicador no caso dos homes. Se a ratio se refire ao desemprego de moi longa, máis de dous a nos en paro, estas porcentaxes acadan o 35,1% e 18,8% no caso das mulleres e dos homes, respectivamente.

• Situación profesional dos ocupados

A meirande parte da creación de emprego en 2004 correspondeu ao de carácter asalariado, con 14,3 miles de ocupados máis, xa que o número de traballadores por conta propia medrou en 0,2 miles de persoas. A diferenza do acontecido no ano anterior, este ano incrementouse tanto o emprego asalariado como o emprego por conta propia, que en 2003 experimentara un descenso do 4,7 miles de traballadores (cadro 2.1.5.).

En media anual, traballaron como asalariados un total de 833,1 miles de persoas, un 1,7% máis que no ano anterior, fronte ao 4,9% rexistrado en 2003. Atendendo ao sector, público ou privado, 2004 caracterízase pola caída do número de asalariados no sector público e a medra no privado. Neste último, a poboación ocupada asalariada medrou un 2,5%, acadando os 650,6 miles de traballadores.

Se en 2003 o incremento medio anual do emprego asalariado foi maior entre as mulleres que entre os homes, neste ano a medra obtense tan só no caso das mulleres. O número de asalariadas ascendeu a 338,1 miles de persoas, 14,7 miles de mulleres máis que no ano anterior, o que supón un incremento do 4,5%. No caso dos homes, o emprego asalariado descendeu un 0,1% (en torno ás 300 persoas), para situarse nos 495,1 miles de ocupados.

No último ano o número de asalariados no sector privado medrou, tanto no caso dos homes coma das mulleres, ao contrario do acontecido no sector público. No caso do sector privado cómpre salientar a medra do número de mulleres asalariadas, con 14,8 miles de ocupadas máis (6,4%).

No que atinxe aos traballadores por conta propia, este acadou en 2004 os 286,1 miles de persoas, un 0,1% máis que no ano anterior. A pesar desta lixeira medra, cómpre salientar o descenso estimado no caso dos empresarios ou membros de cooperativas, que en 2004 acadan os 253,1 miles de ocupados, 2,1 miles de persoas menos que no ano anterior. Este descenso ven motivado fundamentalmente pola caída de empresarios ou cooperativistas no sector primario, que supera a medra rexistrada no caso da construción e da industria.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o mercado de traballo galego presenta unha medra dos homes empresarios ou membros de cooperativas e un descenso no caso das mulleres. No último ano, dos 253,1 miles de empresarios, 155,4 miles de persoas son homes (1,2 miles de ocupados máis que no ano anterior) e 97,7 miles son mulleres (3,3 miles de mulleres menos).

O número de axudas familiares ascende en 2004 a 33,0 miles de ocupados, dos que sete de cada dez corresponden ás mulleres. Atendendo á desagregación segundo sector económico, unha porcentaxe similar corresponden á agricultura e pesca.

• Análise da temporalidade

A ralentización no ritmo de crecemento de emprego asalariado prodúcese

Asalariados e taxa de temporalidade 2003-04: distribución segundo sexo e sector

	Total		Homes		Mulleres	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
	(en miles de persoas)					
Asalariados	818,8	833,2	495,4	495,1	323,4	338,1
Empregos temporais	279,0	283,4	159,7	155,9	119,3	127,5
Empregos indefinidos	539,8	549,8	335,7	339,2	204,1	210,5
Taxa temporalidade (%)	34,1	34,0	32,2	31,5	36,9	37,7
Asalariados sector privado	634,5	650,6	404,2	405,5	230,3	245,1
Empregos temporais	235,2	238,6	142,6	139,8	92,6	98,8
Empregos indefinidos	399,3	412,0	261,6	265,7	137,7	146,3
Taxa temporalidade (%)	37,1	36,7	35,3	34,5	40,2	40,3
Asalariados sector público	184,3	182,6	91,2	89,6	93,1	93,0
Empregos temporais	43,8	44,8	17,1	16,1	26,7	28,7
Empregos indefinidos	140,5	137,8	74,1	73,5	66,4	64,2
Taxa temporalidade (%)	23,8	24,5	18,8	18,0	28,7	30,9

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

◀ CADRO 2.1.10.

tanto no caso do emprego temporal como indefinido. Asemade, ao igual que en 2003, a medra do número de asalariados con contrato indefinido é superior ao de asalariados temporais. O primeiro medrou, en termo medio, en 10,0 miles de persoas (1,9%), e o segundo en 4,4 miles de persoas (1,6%). A taxa de temporalidade mantívose practicamente constante en 2004, acadando un valor de 34,0% (cadro 2.1.10.).

O número de asalariados con contrato indefinido ascendeu no último ano a 549,8 miles de persoas, o 66,0% dos asalariados, dos que 339,2 miles de persoas son homes e 210,5 miles son mulleres (o 68,5% e 62,3% dos homes e mulleres asalariados, respectivamente). No que atinxe ós 283,4 miles de asalariados con contrato temporal, o 55,0% corresponde a homes e un 45,0%, a mulleres.

A diferenza do acontecido no ano anterior, cómpre salientar, dunha banda, que o emprego temporal redúcese no caso dos homes e medra no das mulleres. Doutra, a medra do emprego asalariado temporal feminino é superior á producida no ano anterior. En termo medio, traballaron con contrato temporal 8,2 miles de mulleres máis que en 2003, o que supón un incremento de 6,9%. Como o aumento do número de mulleres con contrato indefinido foi de 6,4 miles de persoas (3,1%), a taxa de temporalidade feminina creceu oito décimas, ata o 37,7%.

Entre os homes, o número de contratos indefinidos medrou en 3,5 miles de asalariados (un 1,0% respecto ao ano anterior) e o de contratos temporais descendeu en 3,8 miles de persoas (-2,4%). Como consecuencia, a taxa de temporalidade volveu a reducirse, acadando os 31,5%, sete décimas menos que en 2003.

Ao igual que no ano anterior, a caída da temporalidade prodúcese tan só no caso do sector privado, que acada o 36,7% fronte ao 37,1% de 2003. Non obstante, mentres que en 2003 a caída da temporalidade neste sector produciuse tanto no caso dos homes coma das mulleres, en 2004 tan só redúcese a taxa de temporalidade masculina, que acada o 34,5% (oito décimas menos que en 2003) fronte ao 40,3% obtida no caso das mulleres (unha décima máis que en 2003).

A taxa de temporalidade no sector público experimentou un novo incremento en 2004, e se sitúa no 24,5%, sete décimas máis que no ano anterior. Ao igual que no caso do sector privado, aumenta a temporalidade no caso das mulleres e descende no caso dos homes, acadando o 30,9% e 18,0%, respectivamente.

Indicadores de avaliación para a estratexia europea de emprego en Galicia e España 2002-2004

		Galicia			España			Obxectivo comunitario	
		2002	2003	2004	2002	2003	2004	2005	2010
Indicadores de emprego									
Taxa de emprego	(% poboación 16 a 64 anos)	58,7	60,3	61,0	59,8	61,1	62,3	67,0	70,0
Taxa de emprego feminino	(% mulleres 16 a 64 anos)	46,3	48,4	49,8	45,2	47,1	49,1	57,0	60,0
Taxa de emprego maiores	(% poboación 55 a 64 anos)	48,4	47,4	47,6	42,2	43,3	43,8		50,0
Indicadores de desemprego									
Taxa de paro	(% poboación activa)	12,2	12,6	13,5	11,4	11,3	10,8		
Taxa de paro feminino	(% poboación activa feminina)	17,5	18,3	19,1	16,4	15,9	14,9		
Taxa de paro xovenes	(% poboación activa 16 a 24 anos)	24,6	26,3	25,9	22,2	22,7	22,0		
Ratio desemprego xovenes	(% poboación 16 a 24 anos)	9,8	11,3	11,4	10,5	10,8	10,6		
Paro longa duración	(% poboación desempregada)	43,3	44,2	44,9	37,5	37,1	35,6		
		Unión Europea 25			UE-25 media dos tres mellores			Obxectivo comunitario	
		2002	2003	2004	2002	2003	2004	2005	2010
Indicadores de emprego									
Taxa de emprego	(% poboación 16 a 64 anos)	62,8	63,0	63,0	75,0	74,2	73,8	67,0	70,0
Taxa de emprego feminino	(% mulleres 16 a 64 anos)	54,7	55,1	55,4	70,8	69,9	69,7	57,0	60,0
Taxa de emprego maiores	(% poboación 55 a 64 anos)	38,4	40,1	40,7	59,6	61,6	62,3		50,0
Indicadores de desemprego									
Taxa de paro	(% poboación activa)	8,8	9,0	9,2	2,8	3,8	4,5		
Taxa de paro feminino	(% poboación activa feminina)	9,8	9,9	10,1	3,3	3,9	4,5		
Taxa de paro xovenes	(% poboación activa 16 a 24 anos)	17,4	18,1	18,5	5,7	6,9	8,0		
Ratio desemprego xovenes	(% poboación 16 a 24 anos)	7,9	8,1	8,2	3,3	3,6	3,7		
Paro longa duración	(% poboación desempregada)	44,0	44,7	44,2	20,0	19,2	20,1		

(1) Os obxectivos intermedios de 2005 foron fixados no cumio de Estocolmo e os obxectivos finais no Cumio de Lisboa. O escenario económico base marcado no cumio de Lisboa é o do crecemento anual do 3% do PIB real

(2) No caso dos obxectivos de desemprego non se fixaron valores de referencia, pero si se estableceu que se trataba de levar ao desemprego a un nivel "friccional" (convencionalmente establecido en torno ao 3% da poboación activa). A Comisión Europea marca como obxectivo o promedio dos tres mellores países.

(3) Os datos de Galicia e España non son comparables cos da UE-25 tendo en conta a diferente metodoloxía empregada e que estes datos corresponden aos segundos trimestres de cada ano.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta de Población Activa

CADRO 2.1.11. ▲

O grao de rotación existente no mercado de traballo –relación existente entre o número de contratos temporais realizados e a poboación asalariada temporal– no último ano en Galicia mantívose no mesmo valor do ano anterior, con 2,5 contratos por persoa asalariada temporal. No conxunto do Estado, este indicador ascendeu a 3,5 contratos, tres décimas máis que en 2003.

INDICADORES DE AVALIACIÓN PARA A ESTRATEXIA EUROPEA DE EMPREGO

O obxectivo deste apartado é presentar a evolución dos indicadores da estratexia europea do emprego en Galicia e España, así como a súa situación respecto aos valores de referencia establecidos, no caso do emprego, nos cumios de Estocolmo e Lisboa. Cómpre salientar que no caso dos indicadores do desemprego, os devanditos cumios non definiron obxectivos intermedios, senón que tan só estableceu que se trataba de levar ao desemprego a unha taxa "friccional", convencionalmente establecida ao redor do 3% da poboación activa (a Comisión Europea emprega como referencia nestes obxectivos o termo medio dos tres mellores resultados por países).

No que atinxe aos indicadores do emprego (taxa de emprego, taxa de emprego feminino e taxa de emprego de persoas maiores), e dado que a evolución económica en Galicia e España foi máis positiva que no conxunto da UE, ao longo do último ano rexístrase unha redución do diferencial cos obxectivos intermedios e finais. Non obstante, como reflicte o **cadro 2.1.11.**, aínda existe unha ampla distancia cos obxectivos intermedios de 2005.

Indicadores de avaliación para a estratexia europea de emprego en Galicia 2003-2004:
distribución segundo provincias

		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		2003	2004	2003	2004	2003	2004	2003	2004
Indicadores de emprego									
Taxa de emprego	(% poboación 16 a 64 anos)	59,5	60,0	66,6	67,8	60,6	59,2	59,1	60,5
Taxa de emprego feminino	(% mulleres 16 a 64 anos)	47,5	48,8	56,8	55,8	48,8	48,7	46,5	49,2
Taxa de emprego maiores	(% poboación 55 a 64 anos)	44,7	45,5	60,3	64,0	46,2	49,8	46,5	43,2
Indicadores de desemprego									
Taxa de paro	(% poboación activa)	13,7	14,5	8,1	8,6	8,4	13,2	14,4	14,1
Taxa de paro feminino	(% poboación activa feminina)	19,9	20,5	11,3	13,9	12,0	17,6	20,9	19,9
Taxa de paro xovenes	(% poboación activa 16 a 24 anos)	26,0	25,0	20,7	28,1	21,7	25,4	29,3	26,5
Ratio desemprego xovenes	(% poboación 16 a 24 anos)	10,9	10,6	8,4	11,2	8,1	9,9	13,8	12,9
Paro longa duración	(% poboación desempregada)	46,7	48,2	50,8	47,5	47,5	42,1	39,1	41,0

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Encuesta de Población Activa

No que atinxe á poboación entre 16 e 64 anos, a taxa de emprego medrou en Galicia sete décimas, case un punto porcentual menos que en 2003, acadando un valor de 61,0%. No último ano aumenta o diferencial coa media estatal e se sitúa a seis puntos do obxectivo europeo intermedio para 2005 (67%).

▲ CADRO 2.1.12.

A medra da taxa de emprego das mulleres entre 16 e 64 anos foi no último ano de 1,4 puntos porcentuais, sete décimas inferior ao incremento rexistrado no ano anterior. En 2004, a taxa de ocupación das mulleres entre 16 e 64 anos acadou en Galicia o 49,8% (49,1% no conxunto do Estado). Este indicador sitúase a case sete puntos do obxectivo intermedio fixado en Estocolmo para 2005 (57%).

Finalmente, a taxa de ocupación das persoas maiores de 55 anos ascendeu en Galicia a 47,6% en 2004. Fronte ao descenso experimentado no ano anterior, no último ano esta variable rexistra unha medra de dúas décimas. Este indicador sitúase case catro puntos por riba da media estatal e a 2,4 puntos do obxectivo marcado para o ano 2010 (50%).

O **cadro 2.1.12.** reflicte que a provincia de Lugo é a que presenta os indicadores de emprego máis elevados, mentres que Ourense rexistra as taxas de emprego total e feminina máis reducidas, e Pontevedra a taxa de emprego máis baixa no caso do emprego de maiores de 55 anos.

No que aos indicadores do desemprego se refire (taxa de paro, taxa de paro feminino, taxa de paro xuvenil, ratio desemprego xuvenil e porcentaxe de paro de longa duración), o **cadro 2.1.11.** amosa que a taxa de paro medrou en Galicia ao igual que no conxunto da UE e no promedio dos tres mellores resultados por países. Sen embargo, se a comparación se fai co conxunto do Estado, a redución da taxa de desemprego en España implica unha medra do diferencial coa media española (2,7 puntos por riba da media estatal fronte aos 1,3 puntos do ano anterior). O devandito cadro indica que as taxas de paro feminina presentan a mesma tendencia que a taxa de paro total (acada un valor de 19,1% en Galicia en 2004), sendo o diferencial coa media estatal de 4,2 puntos porcentuais (2,4 puntos no ano precedente).

O indicador da importancia relativa do desemprego de longa duración no total de parados en Galicia, presenta unha medra dende o 44,2% de 2003 ata o 44,9% do último ano. Tendo en conta a caída desta porcentaxe no conxunto do Estado, esta ratio sitúase en Galicia máis de nove puntos por riba da media estatal.

Pola contra, a taxa de desemprego xuvenil, é dicir, de novos entre 16 e 24

anos, a diferenza do acontecido en 2003, presenta unha redución de tres décimas, situándose no último ano no 25,9%, 3,9 puntos por riba da media estatal en 2004. Non obstante, a porcentaxe da poboación parada de 16 a 24 anos sobre o total da poboación nese grupo de idade medra unha décima, acadando o 11,4% (10,6% no conxunto do Estado).

No que atinxe á situación destes indicadores nas provincias galegas, o devandito **cadro 2.1.12.** amosa que en 2004, Lugo é a provincia que presenta as taxas de paro total e feminina máis baixas, así como a máis alta no caso do xóvenes. No caso oposto estaría A Coruña, que ten as taxas máis altas no caso do paro total e feminino e a máis baixa na das persoas entre 16 e 24 anos. A pesar dos incrementos experimentados en relación ao ano anterior, Pontevedra é a provincia coa menor porcentaxe de parados de longa duración e Ourense a que presenta a ratio de desempregados novos máis baixa.

Atendendo á evolución entre 2003 e 2004, cómpre salientar, dunha banda, que a diferenza do acontecido en Ourense e Lugo, descenden as tres taxas de paro consideradas e a relación de desempregados novos sobre a poboación nova na provincia de Pontevedra. Doutra banda, hai que resaltar o forte incremento das taxas de paro total e feminina en Ourense (4,8 puntos e 5,6 puntos, respectivamente), así como a elevada medra da taxa de paro feminina en Lugo (7,4 puntos porcentuais máis que en 2003).

DATOS REXISTRADOS NAS OFICINAS DE EMPREGO DA XUNTA E DO INEM

O **paro rexistrado** en Galicia en 2004 ascendeu (media anual) a 147.423 persoas (o 8,8% do paro rexistrado de media en España), acadando a taxa de desemprego o 11,4%. Comparado co ano anterior, o **cadro 2.1.13.** indica que o paro rexistrado medrou un punto porcentual (1.444 persoas), dúas décimas por riba do experimentado no conxunto do Estado, en tanto que a taxa de desemprego se reduciu nunha décima.

A diferenza do que acontecera no último ano, o desemprego rexistrado non medra nas catro provincias galegas, presentando A Coruña unha caída do 0,6% (391 parados menos) respecto os datos do ano precedente. A pesar deste descenso, esta provincia é a que acolle o maior número de parados rexistrados, con 60.936 persoas. O número de desempregados rexistrados en Pontevedra, tras unha medra de 1.119 persoas (2,1%) ascendeu a 53.270. A provincia de Lugo é a que presenta o maior incremento en termos relativos, cunha medra do 3,8% respecto ao ano anterior, acadando os 15.500 parados en 2004. En Ourense, o desemprego medrou en 150 persoas (0,9%), acadando os 17.717 parados no último ano.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos acolle a máis da metade dos desempregados rexistrados en Galicia (o 52,3%), fronte ao 16,1% do sector industrial, sendo estas porcentaxes do 58,0% e 15,0%, respectivamente, no conxunto do Estado. Asemade, cómpre salientar o diferente peso relativo do colectivo “sen emprego anterior”, que, tras unha caída tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, representa o 17,7% dos desempregados rexistrados en Galicia fronte ao 13,5% en España.

O devandito **cadro 2.1.13.** reflicte que ese incremento do paro rexistrado non se produce en todos os sectores económicos. O desemprego descende nos sectores industriais e no colectivo sen emprego anterior, producíndose esta caída nas catro provincias galegas. No caso contrario, o paro rexistrado medra nas catro

Paro rexistrado en Galicia e España 2003-04 (1): distribución segundo sectores económicos

2003							
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior	Total	Taxa de paro
(en miles de persoas)							
Galicia	3.457	24.268	16.244	73.621	28.390	145.979	11,5
A Coruña	1.195	9.817	7.287	30.518	12.509	61.327	11,6
Lugo	343	1.676	1.922	8.274	2.720	14.935	9,5
Ourense	401	2.900	2.450	8.731	3.085	17.567	12,3
Pontevedra	1.518	9.874	4.585	26.098	10.076	52.151	12,0
España	38.504	257.612	181.365	942.673	237.429	1.657.583	8,8
Galicia/España	9,0	9,4	9,0	7,8	12,0	8,8	

2004							
	Agricultura e Pesca	Industria	Construcción	Servizos	Sen emprego anterior	Total	Taxa de paro
(en miles de persoas)							
Galicia	3.759	23.692	16.874	77.061	26.037	147.423	11,4
A Coruña	1.247	9.615	7.452	31.512	11.110	60.936	11,3
Lugo	374	1.672	2.025	8.981	2.448	15.500	9,6
Ourense	427	2.824	2.403	9.079	2.984	17.717	12,3
Pontevedra	1.711	9.581	4.994	27.489	9.495	53.270	11,9
España	39.512	250.925	185.414	969.685	225.047	1.670.583	8,7
Galicia/España	9,5	9,4	9,1	7,9	11,6	8,8	

(1) medias anuais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INEM

provincias galegas no caso dos sectores primarios e dos servizos, en tanto que o incremento do desemprego rexistrado na construción non se produce en Ourense. En termos absolutos, o maior incremento prodúcese nas actividades dos servizos, con 3.440 parados rexistrados máis que en 2003, en tanto que a caída máis acusada é a experimentada polos parados sen emprego anterior, con 2.353 parados menos.

Se se ten en conta a evolución interanual hai que salientar que ao longo do segundo semestre do ano prodúcese unha caída do número de parados rexistrados en Galicia, sendo a caída máis acusada, en termos relativos, a do mes de decembro (-1,9% respecto ao mesmo período do ano anterior). O incremento medio do desemprego en Galicia no primeiro semestre do ano 2004 foi do 3,1% (4.583 persoas) mentres que na segunda parte do ano, a caída do número de persoas en paro rexistradas foi do 1,2% (1.695 persoas). Asemade, cómpre salientar que o sector primario e os servizos, ao contrario do acontecido no caso dos “sen emprego anterior”, presentan ao longo de todo o ano unha medra do número de parados rexistrados. O desemprego medrou no sector industrial tan só nos meses de xaneiro e maio, mentres que a construción experimenta unha medra do desemprego en todos os meses do ano agás no de decembro.

O número de **demandas de emprego** rexistradas nas oficinas do INEM en 2004 ascendeu a 934.466, un 1,6% superior (14.763 demandas máis) ás rexistradas no ano anterior. O número de postos de traballo cubertos polos traballadores ao longo de 2003 ascendeu a 742.287, das que 708.544 colocacións (o 95,5%) foron realizadas sen xestión da oficina, é dicir, coñecidas a través das comunicacións de contratación realizadas polos empregadores e por presentación de contratos a rexistro.

▲ CADRO 2.1.13.

Demandas de emprego e colocacións rexistradas 2003-04

2003					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	919.703	375.330	98.671	77.854	367.848
Baixas	913.337	373.439	97.660	76.963	365.275
Colocacións xestionadas	34.403	9.952	4.488	4.207	15.756
Colocacións comunicadas	692.961	291.037	71.838	52.162	277.924
Non renovación	152.253	59.369	14.778	16.939	61.167
Traslado	13.105	5.275	1.517	2.067	4.246
Outras	20.615	7.806	5.039	1.588	6.182
Colocacións	723.817	313.684	72.731	49.660	287.742
Xestionadas	37.104	11.357	4.294	4.142	17.311
Comunicadas	686.713	302.327	68.437	45.518	270.431
Ofertas xestionadas (SPE)	89.767				
Sistema SILEE	53.790				
Sistema SGC	35.977				
2004					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Altas	934.466	385.325	99.518	81.370	368.253
Baixas	939.505	388.123	99.879	81.869	369.634
Colocacións xestionadas	32.590	8.677	4.097	4.294	15.522
Colocacións comunicadas	721.410	307.378	73.704	56.953	283.375
Non renovación	148.181	57.779	14.675	16.871	58.856
Traslado	12.125	4.951	1.389	1.847	3.938
Outras	25.199	9.338	6.014	1.904	7.943
Colocacións	742.287	321.289	74.186	54.431	292.381
Xestionadas	33.743	9.451	4.038	3.992	16.262
Comunicadas	708.544	311.838	70.148	50.439	276.119
Ofertas xestionadas (SPE)	84.175				
Servizo Galego de Colocación	49.713				
centros asociados	34.462				

Fonte: INEM e Xunta de Galicia

CADRO 2.1.14. ►

CADRO 2.1.15. ▼

Colocacións rexistradas 2003-04: distribución segundo nivel de estudos terminados

2003					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Analfabetos	917	30	17	265	1.229
Estudios primarios incompletos	4.262	1.819	830	4.782	11.693
Estudios secundarios	257.663	48.851	41.352	232.416	580.282
Programas de Formación Profesional	5.489	2.201	1.540	5.534	14.764
Educación xeral	252.174	46.650	39.812	226.882	565.518
Estudios postsecundarios	50.842	22.031	7.461	50.279	130.613
Técnico-profesionais superiores	22.211	6.283	2.797	18.857	50.148
Primeiro ciclo	13.743	10.063	2.775	14.476	41.057
Segundo e terceiro ciclo	14.888	5.685	1.889	16.946	39.408
Total	313.684	72.731	49.660	287.742	723.817
2004					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Analfabetos	1.008	31	19	267	1.325
Estudios primarios incompletos	4.385	1.918	896	4.428	11.627
Estudios secundarios	259.513	51.134	44.788	239.314	594.749
Programas de Formación Profesional	5.430	2.477	1.739	5.560	15.206
Educación xeral	254.083	48.657	43.049	233.754	579.543
Estudios postsecundarios	56.383	21.103	8.728	48.372	134.586
Técnico-profesionais superiores	23.991	6.947	3.660	21.669	56.267
Primeiro ciclo	15.731	9.078	3.009	12.937	40.755
Segundo e terceiro ciclo	16.661	5.078	2.059	13.766	37.564
Total	321.289	74.186	54.431	292.381	742.287

Fonte: INEM

O número total de postos de traballo xestionados polo SPE en 2004 desce un 6,2% (5.593 ofertas menos), acadando as 84.175 ofertas rexistradas, das que 49.713 xestionáronse nas oficinas de emprego (4.077 menos) e 34.462 nos centros asociados ao Sevizto Galego de Colocación (1.515 menos).

Do total das colocacións rexistradas no INEM, **cadro 2.1.15.**, o 72,3% das mesmas (536.252 colocacións) concéntranse no sector servizos, e un 80,1% (594.749 colocacións) afectan a persoas con só os estudos secundarios terminados. Asemade, cómpre salientar que un 46,4% corresponde a persoas con idades comprendidas entre 20 e 24 anos (167.208 persoas) e entre 25 e 29 anos (177.479 persoas), e que os grupos de ocupación do posto ocupado que predominan son os de “traballadores sen ocupación” e “traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio”, que acollen o 28,1% e 20,8%, respectivamente.

Atendendo á distribución provincial, A Coruña acolleu o 43,3% das colocacións rexistradas, 321.289 colocacións, fronte ao 39,4% de Pontevedra, 292.381 colocacións. En Lugo e Ourense, as colocacións rexistradas ascenderon a 74.186 e 54.431 respectivamente (10,0% e 7,3%).

O número total de **contratos rexistrados** en Galicia (incluídas as conversións de contratos en indefinidos) ascendeu no último ano a 766.023, o que representa o 4,7% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado. Do total das contratacións, 733.011 corresponden a contratos iniciais (o 4,7% dos rexistrados en España) e os restantes 33.012 contratos, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,4% das conversións estatais). Comparado co ano anterior, o número total de contratos medrou un 3,0% (22.351 contratos), sendo esta porcentaxe do 2,5% no caso dos contratos iniciais (18.130 contratos máis) e do 14,7% (4.221 contratos) no caso dos contratos convertidos en indefinidos.

No caso dos contratos iniciais, o número total de contratos indefinidos acadou os 31.233 (un 0,7% menos que no ano anterior), dos que 17.615 contratos (un 2,5% máis que no ano precedente) corresponderon aos homes. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,9% destes contratos, sendo esta porcentaxe do 4,2% no caso dos homes e do 3,5% no das mulleres.

O número de contratos de duración temporal en 2004 rexistrou unha medra do 2,7% (18.345 contratos máis), para acadalos 701.778 contratos, dos que 377.676 foron asinados por homes. A importancia relativa destes contratos no total estatal ascende o 4,7%, sendo do 4,5% e 4,9% no caso dos homes e das mulleres. O devandito **cadro 2.1.16.** reflicte que os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen a se-lo tipo de contratos máis numeroso en Galicia, ao acolle-lo 41,9% e 39,7% dos contratos de duración temporal, respectivamente.

Ao igual que acontecera en 2003, os homes, como norma xeral, asinan un maior número de contratos que as mulleres, agás no caso dos contratos indefinidos de fomento de emprego, nos de interinidade, nos temporais de inserción en “outros contratos”. Do total dos contratos de traballo rexistrados, o 53,9% dos mesmos foron asinados por homes, e no caso das excepcións mencionadas, as porcentaxes de contratos asinados por mulleres son do 71,4% se se fala dos contratos de interinidade, do 66,2%, nos contratos indefinidos de fomento de emprego, e do 56,4% no caso dos contratos de inserción.

Canto á duración dos contratos temporais, o **cadro 2.1.17.** indica que, por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado, o 41,8% dos mes-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2004: distribución segundo tipo de contrato

	Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<i>(en miles de persoas)</i>						
Contratos de duración indefinida	17.615	13.618	31.233	417.429	388.845	806.274
Indefinido ordinario	12.732	4.661	17.393	314.417	177.231	491.648
Indefinido de fomento de emprego	4.500	8.795	13.295	96.550	208.579	305.129
Indefinido minusválidos	383	162	545	6.462	3.035	9.497
Contratos de duración temporal	377.676	324.102	701.778	8.310.795	6.620.271	14.931.066
Obra ou servizo	174.882	103.562	278.444	4.035.059	2.022.777	6.057.836
Eventual segundo circunstancias da produción	150.932	143.144	294.076	3.650.023	3.467.413	7.117.436
Interinidade	19.599	49.021	68.620	344.967	889.137	1.234.104
Temporais para minusválidos	419	129	548	7.606	3.487	11.093
Temporais de inserción	3.088	4.002	7.090	28.027	39.496	67.523
Relevo	734	135	869	11.877	4.153	16.030
Xubilación parcial	797	91	888	13.672	2.108	15.780
C. de substitución por xubilación ós 64 anos	39	21	60	1.149	535	1.684
Contrato en prácticas	3.397	3.338	6.735	43.620	42.225	85.845
Contrato para a formación	8.783	5.472	14.255	79.917	46.617	126.534
Outros contratos	15.006	15.187	30.193	94.878	102.323	197.201
Contratos convertidos en indefinidos ⁽¹⁾	17.424	15.426	33.012			613.444
Total contratos	412.715	353.146	766.023	8.728.224	7.009.116	16.350.784

(1) Falta a desagregación dos contratos de relevo en Galicia (74 contratos en 2003) segundo sexos. Si están incluídos no total galego.
Fonte: INEM

Contratos de traballo de duración temporal 2004

	< 1 mes	de 1 a 6 meses	6 a 12 meses	> de 12 meses	Subtotal	Indeterm.	Total
Por obra ou serv. det	19.466	13.881	6.048	1.031	40.426	238.018	278.444
Event. por circ prod.	128.545	154.136	11.395	-	294.076	-	294.076
Interinidade	21.964	7.637	671	95	30.367	38.253	68.620
Temp para minusv.	-	-	529	19	548	-	548
De inserción	496	2.506	4.004	84	7.090	-	7.090
De relevo	1	4	16	848	869	-	869
Xub. Parcial	3	4	16	810	833	55	888
Substit. Xub. 64 anos	-	-	60	-	60	-	60
Prácticas	-	2.916	3.587	232	6.735	-	6.735
Formación lei 63/97	-	12.968	1.195	92	14.255	-	14.255
Outros	11.631	494	523	36	12.684	17.509	30.193
Total	182.106	194.546	28.044	3.247	407.943	293.835	701.778
% / total	25,9	27,7	4,0	0,5	58,1	41,9	100

Fonte: INEM

CADRO 2.1.16. ▲

CADRO 2.1.17. ▲

mos son contratos cunha duración indeterminada. Se consideramos tan só os contratos cunha duración concreta, cómpre salientar que no ano 2004 o 44,5% dos mesmos teñen unha duración inferior a un mes, e un 47,6% unha duración entre un e seis meses. Tan só un 0,8% dos contratos temporais de duración determinada teñen unha duración superior a un ano.

O **cadro 2.1.18.** amosa a distribución dos contratos rexistrados por sectores e ramas de actividade. En termos absolutos, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama de “actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais”, con 170.054 contratos (o 23,2% do total de contratos galegos), así como as pertencentes á construción, con 92.168 contratos (o 12,6%), ao “comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico”, con 88.007 contratos (12,0%), e os pertencentes á industria manufacturera, con 83.453 contratos (11,4%).

Atendendo á importancia relativa das contratacións galegas no total esta-

Contratos de trabajo en Galicia e España 2004: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	20.478	2,8	1.824.051	11,6	1,1
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	8.957	1,2	1.798.495	11,4	0,5
Pesca	11.521	1,6	25.556	0,2	45,1
Industria	87.256	11,9	1.183.864	7,5	7,4
Industrias extractivas	3.007	0,4	16.750	0,1	18,0
Industria manufacturera	83.453	11,4	1.147.565	7,3	7,3
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	796	0,1	19.549	0,1	4,1
Construcción	92.168	12,6	2.419.068	15,4	3,8
Servizos	533.109	72,7	10.310.357	65,5	5,2
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	88.007	12,0	1.612.065	10,2	5,5
Hostelería	59.833	8,2	1.381.956	8,8	4,3
Transporte, almacenamento e comunicacións	61.499	8,4	756.897	4,8	8,1
Intermediación financeira	3.359	0,5	79.135	0,5	4,2
Actividades inmobiliarias	170.054	23,2	4.057.844	25,8	4,2
Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria	21.722	3,0	462.274	2,9	4,7
Educación	16.361	2,2	368.174	2,3	4,4
Actividades sanitarias e veterinarias. servizos Sociais	50.714	6,9	682.064	4,3	7,4
Outras actividades sociais e de servizos prestados á Comunidade. servizos persoais	61.214	8,4	889.025	5,6	6,9
Fogares que empregan persoal doméstico	345	0,0	20.325	0,1	1,7
Organismos extrateritoriais	1	0,0	598	0,0	0,2
Total	733.011	100	15.737.340	100	4,7

Fonte: INEM

tal, cómpre salientar o peso relativo da ramas pesqueira, que representa o 45,1% das contratacións españolas nesta rama, así como as rexistradas no caso da industria extractivas e no transporte, almacenamento e comunicacións, co 18,0% e 8,1%, respectivamente.

▲ CADRO 2.1.18.

Coma é normal, a meirande parte dos contratos iniciais rexístranse a nome das persoas máis novas, de tal xeito que os menores de trinta anos asinaron en Galicia o 52,7% dos contratos en 2004 (50,9% no conxunto do Estado). Atendendo á desagregación segundo modalidade de traballo, os menores de 30 anos asinan o 37,3% dos contratos indefinidos (42,7% no conxunto do Estado), sendo estas porcentaxes do 53,4% no caso dos contratos dunha duración temporal (51,4% de media en España). Mentres que en Galicia o peso relativo dos contratos de duración indefinida no total de contratos iniciais en 2004 é do 4,3% (5,1% no conxunto do Estado), no caso das persoas menores de trinta anos, esta porcentaxe redúcese ata o 3,1% (4,3% en España).

EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL (ETT)

O número de empresas de traballo temporal cun centro de traballo en Galicia en 2004 ascendeu a 31 empresas, o que representa o 4,2% do total de empresas de traballo temporal a nivel estatal. Estas empresas rexistraron 84.541 contratos de posta a disposición (8.393 contratos máis que en 2003), que representan o 3,9% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación segundo provincias, Pontevedra é a que acolle o maior número de contratos de posta a disposición, con 37.251 contratos, por diante de A Coruña, con 36.316 contratos. Comparado co ano anterior, o **cadro 2.1.19** reflicte unha medra no número de contratos en tódalas provincias, sendo os máis acusados os de Pontevedra, con 3.857 contratos máis, e os de A Coruña, con 3.355 contratos máis que no ano precedente.

Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2003-04 ⁽¹⁾

	2003		2004		04/03	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	66	181.193	67	189.715	1	8.522
Aragón	29	57.460	31	59.873	2	2.413
Asturias	21	22.376	22	24.114	1	1.738
Baleares	20	20.217	21	22.534	1	2.317
Canarias	30	62.101	30	66.469	0	4.368
Cantabria	16	19.893	16	22.210	0	2.317
Castela - A Mancha	23	39.356	25	52.700	2	13.344
Castela e León	36	102.713	34	111.342	-2	8.629
Cataluña	112	469.063	114	505.699	2	36.636
C. Valenciana	64	224.786	67	257.814	3	33.028
Extremadura	10	10.080	10	9.740	0	-340
Galicia	30	76.148	31	84.541	1	8.393
A Coruña		32.961		36.316		3.355
Lugo		5.250		5.475		225
Ourense		4.543		5.499		956
Pontevedra		33.394		37.251		3.857
Madrid	124	347.161	127	401.620	3	54.459
Murcia	38	151.231	44	165.584	6	14.353
Navarra	26	41.807	26	38.419	0	-3.388
País Vasco	46	148.643	46	158.609	0	9.966
Rioxa	16	16.535	15	19.399	-1	2.864
Ceuta e Melilla	5	377	5	57	0	-320
Total	712	1.991.140	731	2.190.439	19	199.299

(1) ETTs con autorización a 31-12 de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de estadísticas laborales

CADRO 2.1.19. ▲

CONDICIÓN DE TRABAJO

Este último apartado da análise do mercado de traballo estrutúrase en dous grandes apartados nos que se presentan os datos da sinistralidade laboral e cuestións relacionadas coas relacións laborais como a negociación colectiva, a regulación do emprego ou a conflictividade laboral.

O número total de accidentes rexistrado en Galicia no ano 2004 ascendeu a 51.565, dos que 47.349 foron accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e 4.216 accidentes “in itinere”. Comparado co ano anterior, o número total de accidentes laborais rexistrou unha medra do 2,9%, sendo esta medra do 2,5% no caso dos accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo. O número de accidentes “in itinere” experimentou un incremento do 8,1%.

A provincia de Pontevedra foi a que rexistrou o maior número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo, con 20.180 accidentes (o 42,6%), seguida de A Coruña, con 19.084 accidentes (o 40,3%). A diferenza do acontecido en 2003, o número de accidentes descende tan só na provincia de Lugo (un 5,2% menos que no ano precedente), medrando en Pontevedra e en A Coruña, un 4,0% e 3,3%, respectivamente.

Respecto ós accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo e a súa distribución segundo a súa gravidade, o **cadro 2.1.20.** reflicte que o 97,5% dos accidentes foron leves (46.180 accidentes) e un 2,3% e 0,2% graves e mortais, respectivamente. Comparado cos datos do ano anterior, volve a descender o número de accidentes mortais en Galicia, con 7 accidentes menos (7,4%), aumentando no caso dos accidentes graves, con 76 accidentes máis (un 7,6%) e dos leves, con 1.090 accidentes máis (2,4%).

A medra dos accidentes graves en 2004 prodúcese nas catro provincias galegas, e o descenso dos mortais en todas as provincias agás en Pontevedra. No concerne aos accidentes leves, a medra experimentase en todas as provin-

Accidentes e enfermidades profesionales con baixa en xornada de traballo 2003-04: distribución segundo a gravidade, provincias e sectores económicos

	Leves		Graves		Mortais		Totais	
	2003	04/03 (%)	2003	04/03 (%)	2003	04/03 (%)	2003	04/03 (%)
A Coruña	18.044	3,1	398	12,8	38	-18,4	18.480	3,3
Lugo	4.265	-5,7	113	12,4	16	-6,3	4.394	-5,2
Ourense	3.807	0,1	105	0,0	7	-42,9	3.919	0,0
Pontevedra	18.974	4,0	390	2,8	33	12,1	19.397	4,0
Agricultura	1.248	8,1	129	-1,6	1	300,0	1.378	8,1
Pesca	1.531	21,0	83	36,1	14	57,1	1.628	27,3
Industria	14.636	4,2	271	-5,5	26	-38,5	14.933	4,1
Construcción	11.606	2,0	269	13,0	27	-33,3	11.902	2,2
Servicios	16.069	-1,9	254	11,0	26	3,8	16.349	-1,7
Total	45.090	2,4	1.006	7,6	94	-7,4	46.190	2,5

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

◀ CADRO 2.1.20.

Accidentes de trabajo con baixa e índices de incidencia nas CC.AA. 2003-04 ⁽¹⁾

	2003		2004		04/03	
	Accidentes con baixa	Índice de incidencia	Accidentes con baixa	Índice de incidencia	Accidentes con baixa	Índice de incidencia
Andalucía	141.442	66,15	149.861	68,57	6,0	3,7
Aragón	20.808	54,56	20.850	52,74	0,2	-3,3
Asturias	20.723	69,08	18.775	60,74	-9,4	-12,1
Baleares	25.532	82,07	24.076	75,10	-5,7	-8,5
Canarias	44.591	66,80	44.003	64,98	-1,3	-2,7
Cantabria	10.057	58,74	9.505	55,33	-5,5	-5,8
Castela-A Mancha	38.416	59,87	37.840	80,24	-1,5	34,0
Castela e León	42.559	79,32	40.344	52,72	-5,2	-33,5
Cataluña	169.589	72,04	162.041	68,04	-4,5	-5,6
C. Valenciana	99.416	68,17	97.653	64,50	-1,8	-5,4
Extremadura	14.360	51,10	15.166	51,45	5,6	0,7
Galicia	46.190	56,41	47.369	56,86	2,6	0,8
Madrid	132.000	63,34	121.998	56,39	-7,6	-11,0
Murcia	24.871	64,62	23.605	58,92	-5,1	-8,8
Navarra	12.888	68,77	12.791	65,59	-0,8	-4,6
País Vasco	48.912	66,34	43.793	57,66	-10,5	-13,1
Rioxa (A)	6.046	69,10	5.603	61,37	-7,3	-11,2
Ceuta e Melilla	1.337	32,69	1.323	31,43	-1,0	-3,9
Total	899.737	66,17	876.596	62,80	-2,6	-5,1

(1) Índice de incidencia x 1.000 traballadores asalariados
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 2.1.21. ►

cias agás en Lugo. Pontevedra é a única provincia que presenta unha medra do número de accidentes nos tres tipos de gravidade considerados.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 16.072 accidentes (o 33,9% dos accidentes en Galicia no último ano), seguido do sector industrial, con 15.550 accidentes (o 32,8%) e o da construción, con 12.166 accidentes (25,7%). Os subsectores agrícola e pesqueiro experimentaron, en conxunto, un total de 3.561 accidentes (2.072 na mar e 1.489 na agricultura), o que representa o 7,5% dos accidentes con baixa en xornada de traballo.

O sector servizos foi o único sector que presentou ao longo de 2004 un descenso da sinistralidade laboral, con 277 accidentes menos que no ano precedente (1,7%). Do resto dos sectores, cómpre salientar o forte incremento do número de accidentes nas ramas de actividade do subsector pesqueiro, que en 2004 rexistraron unha medra do 27,3% (444 accidentes máis), así como a medra experimentada no caso do subsector agrícola, cun incremento do 8,1% (111 accidentes máis que en 2003). En termos absolutos, o sector que experimenta o maior crecemento de accidentes laborais é o industrial, con 617 accidentes máis que no ano anterior (4,1%).

Considerando os diferentes tipos de accidentes, os accidentes leves descenden no sector servizos, mentres que os graves o fan nos sectores agrícola e industrial, e os mortais na construción e na industria. O devandito **cadro 2.1.20.** indica que a pesca presenta unha medra nos tres tipos de accidentes: leves, graves e mortais.

No concernente ao **índice de incidencia** da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de persoas expostas (empréganse os datos da poboación asalariada segundo a EPA), cómpre salientar que, fronte ao descenso rexistrado no conxunto do Estado, este medrou lixeiramente en Galicia dende os 56,4 accidentes por cada mil traballadores asalariados de 2003 ata os 56,9 do ano 2004. A pesar deste incremento, Galicia está en torno aos seis puntos por baixo da media estatal (62,8 acciden-

Estructura global da negociación colectiva galega 2003-04

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
2003						
Sector	13	34	23	20	35	125
Empresa	42	184	52	61	237	576
Total	55	218	75	81	272	701
2004						
Sector	13	34	23	20	34	124
Empresa	47	182	55	64	241	589
Total	60	216	78	84	275	713

(1) neste cómputo contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

◀ CADRO 2.1.22.

▼ CADRO 2.1.23.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2003-04

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
2003								
Sector	50	193.420	28	73.829	1	1.500	79	268.749
Empresa	112	11.334	21	1.952	34	1.671	167	14.957
Total	162	204.754	49	75.781	35	3.171	246	283.706
2004								
Sector	53	179.521	21	92.114	1	2.420	75	274.055
Empresa	121	22.308	26	3.695	36	1.373	183	27.376
Total	174	201.829	47	95.809	37	3.793	258	301.431

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

tes por cada mil asalariados), situándose como a sexta comunidade co menor índice, só superior ao rexistrado en Estremadura, con 51,5 accidentes por cada mil asalariados, Castela e León e Aragón, con 52,7 accidentes, Cantabria, con 55,3 e Madrid, con 56,4 accidentes, ademais de Ceuta e Melilla, con 31,4 (**cadro 2.1.21**).

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra segue sendo a provincia co índice máis elevado, con 68,7 accidentes por 1.000 asalariados, fronte ós 53,2 accidentes de A Coruña, e 45,7 e 43,8 accidentes por cada mil traballadores asalariados en Lugo e Ourense, respectivamente. Comparado co ano anterior, a medra rexistrada polo índice de incidencia no conxunto de Galicia prodúcese en tres das catro provincias galegas, sendo Lugo a única que presenta unha caída deste índice, ao pasar dos 50,4 accidentes por cada mil asalariados de 2003 aos devanditos 45,7 accidentes. O incremento máis acusado rexistrouse en Pontevedra, onde o índice medrou en máis de sete puntos respecto a 2003 (61,2 accidentes por cada mil asalariados nese ano).

O sector servizos é o que presenta o menor índice de incidencia, con 31,2 accidentes por cada mil traballadores asalariados neste sector. Asemade, cómpre salientar o elevado valor no caso do sector primario, con 145,9 accidentes, e da construción, con 116,2 accidentes por cada mil asalariados. Nas ramas industriais, o índice de incidencia acada un valor de 82,2 accidentes por cada mil traballadores asalariados. Comparado co ano anterior, este índice tan só descende no caso dos servizos (32,9 no ano 2003), permanecendo practicamente constante no caso da construción (116,1 accidentes por 1.000 asalariados). O sector primario rexistrou a medra máis importante, ao pasar dos 104,0 accidentes por mil asalariados en 2003 aos devanditos 145,9 de 2004, mentres que no caso da

CADRO 2.1.24. ►

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisións salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa, e de sector negociados con efectos para 2004

Empresas

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	260	1	211	2	-	-	-	-	-	-	471	3
Industria	1.080	3	2.355	20	681	11	1.745	19	14.397	35	20.258	88
Construción	-	-	-	-	-	-	62	1	-	-	62	1
Servizos	458	9	1.598	25	306	11	584	8	3.639	42	6.585	95
Total	1.798	13	4.164	47	987	22	2.391	28	18.036	77	27.376	187

Sector

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	3.029	108	22.005	2.650	5.517	1.725	8.311	637	28.875	4.667	67.737	9.787
Construción	-	-	40.000	3.500	8.618	903	7.952	661	42.000	4.000	98.570	9.064
Servizos	12.300	3.690	32.496	3.302	6.763	4.387	8.209	2.766	47.960	12.623	107.748	26.768
Total	15.329	3.798	94.501	9.452	20.898	7.015	24.472	4.064	118.855	21.290	274.055	45.619

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

Xornada media efectiva por traballador 2003-04 nas CC.AA.: distribución segundo sector de actividade

	2003				2004			
	Industria	Construcción	Servizos	Total	Industria	Construcción	Servizos	Total
	(horas / ano)							
Andalucía	1.707,9	1.785,0	1.625,6	1.665,7	1.681,9	1.781,8	1.625,7	1.662,4
Aragón	1.719,1	1.760,7	1.581,3	1.642,0	1.712,1	1.755,4	1.568,7	1.631,3
Asturias	1.636,2	1.776,4	1.552,3	1.602,4	1.638,3	1.779,9	1.575,6	1.617,1
Baleares	1.723,1	1.785,3	1.663,9	1.688,6	1.713,6	1.787,5	1.655,1	1.680,7
Canarias	1.745,2	1.786,4	1.671,7	1.695,8	1.741,5	1.771,3	1.668,8	1.690,0
Cantabria	1.710,5	1.763,4	1.600,4	1.652,8	1.706,9	1.758,8	1.583,2	1.640,1
Castilla-La Mancha	1.747,0	1.786,8	1.581,5	1.665,0	1.747,2	1.786,5	1.583,3	1.665,2
Castilla y León	1.709,7	1.768,9	1.570,7	1.634,1	1.682,3	1.761,7	1.561,8	1.620,9
Cataluña	1.703,4	1.745,6	1.605,2	1.644,7	1.688,6	1.731,2	1.596,0	1.632,8
Comunidad Valenciana	1.728,8	1.758,5	1.616,3	1.665,7	1.714,8	1.750,8	1.599,8	1.649,8
Extremadura	1.696,4	1.781,5	1.611,6	1.655,4	1.686,1	1.790,5	1.592,0	1.644,5
Galicia	1.711,3	1.796,6	1.619,7	1.669,5	1.719,5	1.782,5	1.623,9	1.671,0
Madrid	1.721,1	1.753,6	1.634,2	1.658,5	1.716,5	1.764,1	1.628,9	1.654,4
Murcia	1.732,1	1.764,6	1.610,5	1.663,5	1.728,7	1.733,8	1.602,5	1.652,9
Navarra	1.664,8	1.737,2	1.570,5	1.621,3	1.666,9	1.739,8	1.538,6	1.603,7
País Vasco	1.632,2	1.712,6	1.524,9	1.576,1	1.628,9	1.699,0	1.539,5	1.581,5
Rioxa (A)	1.707,7	1.771,8	1.579,5	1.647,7	1.711,3	1.742,6	1.584,6	1.646,7
Total	1.705,8	1.766,5	1.612,8	1.652,8	1.695,6	1.761,0	1.607,6	1.646,2

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral

industria, a medra foi dende os 78,4 miles de accidentes de 2003 ata os 82,2 accidentes do último ano.

▲ CADRO 2.1.25.

O número de **convenios colectivos** –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro do ano 2004 foi de 713, dos que o 82,6% (589 convenios) corresponde a convenios de empresa. Comparado co ano anterior, rexístrase unha medra no número total de convenios a nivel de empresa (13 convenios máis) en tanto que descende o número dos convenios de sector (un convenio menos).

O número de convenios colectivos negociados e/ou revisados en 2004 ascendeu a 258 (211 convenios asinados e 47 revisados), que afectaron a un total de 301.431 traballadores. No último ano, o número de convenios negociados por primeira vez foi de 37 (un máis que en 2003) e os traballadores afectados foron 3.793 (622 traballadores máis que no ano anterior).

Atendendo ao seu ámbito de aplicación, un 7,8% dos convenios teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. No resto dos convenios, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número de convenios e traballadores afectados, ao acoller o 38,8% dos convenios e o 45,4% dos traballadores. Séguelle A Coruña, que acapara o 22,5% dos convenios e o 32,7% dos traballadores.

Os 75 convenios de sector afectan a 274.055 traballadores, o que significa que o 29,1% dos convenios afectan ao 90,9% dos traballadores. Neste tipo de convenios, o sector servizos é o que acolle o maior número de traballadores, co 39,3%, seguido pola construción, co 36,0%. No caso dos convenios a nivel empresa, o **cadro 2.1.24**, indica que a industria acolle o 74,0% dos traballadores afectados e os servizos, un 24,1%.

Se se ten en conta, ademais dos convenios rexistrados en 2004, os rexistrados anteriormente pero con vixencia expresa neste último ano, son un total de 408 convenios (80 de sector e 328 de empresa) os que teñen efectos para o ano 2004. O número de traballadores afectados foi de 330.775 dos que 278.505 traballadores están afectados por convenios a nivel sector.

Xornada media pactada na negociación colectiva 2003-04

2003					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/año)				
Total convenios	1.762,6	1.784,0	1.768,6	1.752,3	1.788,0
Convenios de empresa	1.756,1	1.784,0	1.753,7	1.756,5	1.763,8
Convenios de sector	1.763,0	-	1.772,4	1.752,3	1.790,1

2004					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/año)				
Total convenios	1.762,7	1.765,1	1.761,5	1.750,0	1.787,9
Convenios de empresa	1.728,4	1.765,1	1.725,8	1.750,0	1.736,4
Convenios de sector	1.766,4	-	1.772,1	1.750,0	1.791,8

(1) Só se tiveron en conta os convenios que se regulan de xeito anual

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

CADRO 2.1.26. ►

Atendendo ao ámbito territorial de aplicación, o 8,8% dos convenios con vixencia expresa para 2004 foron de ámbito superior ao da provincia. A provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de convenios, con 159 (o 39,0%), e o maior número de traballadores afectados, con 145.145 (o 43,9%). Séguelle A Coruña, que rexistra un total de 109 convenios (o 26,7%) que afectan a 103.315 traballadores (o 31,2%).

O incremento salarial medio pactado nos 258 convenios asinados ou revisados en 2004 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenio e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial recollidas no 54% dos convenios asinados e no 66% dos revisados en 2004– foi de 3,93%, (3,50 en 2003), seis décimas superior ao IPC galego que foi do 3,3%.

A **xornada media efectiva** por traballador en Galicia medrou en 2004 pasando de 1.669,5 horas de 2003 ás 1.671,0 horas do último ano. Ao igual que acontece en 2003, esta cifra sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador tras Baleares e Canarias (**cadro 2.1.25.**).

A xornada media pactada en 2004 en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– permanece practicamente constante (0,1 horas máis que en 2002), acadando as 1.762,7 horas. Seguindo a tendencia de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.728,4 horas e 1.766,4 horas, respectivamente). O sector agrario pactou unha xornada media de 1.765,1 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ao sector servizos, con 1.787,9 horas.

No concernente á **regulación de emprego**, o número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2004 medrou nun 11,6%, acadando os 336 expedientes, 35 máis que no ano precedente. O número total de traballadores afectados foi de 2.469, 120 traballadores máis que no ano anterior, dos que 1.651 (o 66,9%) recibiron suspensión do emprego, 802 traballadores (o 32,5%) sufriron a rescisión do seu contrato e 16 traballadores, unha redución da xornada.

Expedientes de regulación de empleo nas CC.AA. 2003-04: expedientes autorizados e traballadores afectados

	Expedientes autorizados		Total	Trabajadores afectados		Medidas de suspensión		Medidas de reducción		
	2003	2004		Medidas de extinción	2003	2004	2003	2004		
Andalucía	493	602	4.688	3.362	3.411	1.817	1.274	1.541	3	4
Aragón	164	148	2.310	2.021	1.020	962	1.219	1.056	71	3
Asturias	215	188	11.105	2.444	992	992	10.103	1.437	10	15
Baleares	96	77	951	1.317	547	486	367	829	37	22
Canarias	114	111	1.111	1.407	541	223	547	1.184	23	-
Cantabria	111	95	2.167	1.909	752	723	1.365	1.186	50	-
Castela-A Mancha	171	201	2.017	2.130	1.186	852	816	1.271	15	7
Castela e León	349	374	5.036	2.750	3.418	1.798	1.470	852	148	100
Cataluña	608	565	13.945	10.631	10.770	7.782	2.583	2.756	592	93
C. Valenciana	574	619	8.688	9.532	3.935	4.310	4.157	5.092	596	130
Extremadura	75	64	902	337	833	202	64	55	5	80
Galicia	301	336	2.349	2.469	1.108	802	1.065	1.651	176	16
A Coruña			738	738	446	271	290	451	2	16
Lugo			141	351	66	180	75	171	-	-
Ourense			146	148	120	89	26	59	-	-
Pontevedra			1.324	1.232	476	262	674	970	174	-
Madrid	373	298	9.348	6.320	8.140	5.287	1.100	1.020	108	13
Murcia	138	131	1.357	1.021	841	587	516	434	-	-
Navarra	108	138	3.936	5.098	838	996	3.098	4.102	-	-
País Vasco	410	407	13.277	6.873	4.402	3.214	8.720	3.634	155	25
Rioxa (A)	21	45	286	649	218	150	49	482	19	17
Ceuta e Melilla	8	6	8	6	8	6	-	-	-	-
Total	4.329	4.405	83.481	60.276	42.960	31.169	38.513	28.582	2.008	525

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

CADRO 2.1.27.

Repercusión das folgas 2003-04: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2003		2004	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
	(en miles)			
Andalucía	150,6	31,3	139,5	77,2
Aragón	3,7	9,5	1,0	7,1
Asturias	15,8	62,5	10,5	34,7
Baleares	0,3	1,2	0,7	1,0
Canarias	0,4	1,0	0,3	0,7
Cantabria	10,2	15,7	6,0	10,4
Castela-A Mancha	4,7	47,0	5,3	12,2
Castela e León	88,4	45,9	4,2	8,3
Cataluña	160,1	82,4	46,8	91,4
C. Valenciana	40,4	21,7	14,0	21,1
Extremadura	114,7	29,0	0,2	1,5
Galicia	8,3	14,7	53,5	144,6
A Coruña	7,2	10,4	26,3	58,1
Lugo	-	-	6,7	26,8
Ourense	0,3	0,4	8,3	23,6
Pontevedra	0,8	3,9	12,2	36,1
Madrid	29,1	44,0	157,6	200,6
Murcia	2,4	13,7	3,9	5,5
Navarra	9,6	25,0	7,7	13,0
País Vasco	86,1	343,1	103,5	606,1
Rioxa (A)	3,3	1,3	0,9	1,6
Ceuta e Melilla	-	-	-	-
Total	728,1	789,0	555,6	1.237,0

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Boletín de Estadísticas Laborales

CADRO 2.1.28. ►

CADRO 2.1.29. ►

Actividade desenvolvida polos órganos autónomos de solución de conflitos colectivos 2004

	Número de conflitos	Conciliación mediación	Arbitraje	Traballadores afectados	Empresas afectadas
Andalucía (SERCLA)	661	657	4	684.631	94.453
Aragón (SAMA)	4.030	104	2	36.507	n.d.
Baleares (TAMIB)	4.984	61	-	n.d.	n.d.
Canarias (TLC)	150	149	1	22.685	n.d.
Cantabria (ORECLA)	2.647	124	4	26.788	1.057
Castela e León (SERLA)	16	16	-	4.802	115
Castela-A Mancha (J. ARBITRAL)	137	133	4	38.487	6.848
Cataluña (TLC)	716	613	38	80.382	1.784
Extremadura (SERMAE)	27	27	-	5.495	696
Galicia (CRL-AGA)	36	32	4	40.926	15.519
Madrid (Instituto Laboral)	555	539	4	235.606	2.909
Murcia (ORCL)	87	87	-	49.768	3.773
Navarra (TLN)	2.928	31	-	n.d.	n.d.
País Vasco (CRL-PRECO)	352	340	12	107.816	n.d.
Rioxa, A (TLR)	344	16	1	5.024	17
C. Valenciana (TAL)	373	358	15	117.656	3.640
Total	18.043	3.287	89	1.456.573	130.811

Fonte: CES España, Memoria sobre la situación económica y laboral

A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior número de traballadores afectados polos devanditos expedientes, con 1.232 traballadores (49,9%), seguida de A Coruña, con 738 expedientes. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a importante medra de traballadores afectados por regulación de emprego en Lugo, con 351 traballadores afectados en 2004 fronte aos 141 do ano anterior.

En relación á **conflictividade laboral**, o **cadro 2.1.28.** amosa un forte incremento do número de traballadores participantes nas folgas así como das xornadas non traballadas en 2004. Neste ano, o número de traballadores participantes

Resultado das conciliacións-mediacións colectivas ante os órganos autónomos de solución extraxudicial de conflictos 2003-04

	2003				2004			
	Con acordo		Sen acordo	Outras (2)	Con acordo		Sen acordo	Outras (2)
	Número	(%) (1)			Número	(%) (1)		
Andalucía (SERCLA)	261	56,5	201	144	273	54,3	230	154
Aragón (SAMA)	47	52,2	43	6	35	38,5	51	18
Baleares (TAMIB)	24	48,0	26	5	23	51,1	22	16
Canarias (TLC)	37	36,6	64	32	33	30,2	76	40
Cantabria (ORECLA)	35	37,6	58	25	43	42,6	58	23
Castela e León (SERLA)	82	51,6	78	21	6	50,0	3	7
Castela-A Mancha (J.ARBITRAL)	69	70,4	29	38	50	47,2	56	25
Cataluña (TLC)	307	55,6	245	91	325	60,6	211	77
Extremadura (SERMAE)	49	80,3	11	7	12	52,2	11	4
Galicia (CRL-AGA)	9	75,0	3	11	18	78,2	5	9
Madrid (Instituto Laboral)	200	46,5	230	101	187	43,8	240	112
Murcia (ORCL)	20	58,8	14	7	30	39,5	46	11
Navarra (TLN)	n.d.	n.d.	n.d.	n.d.	4	18	18	9
País Vasco (CRL-PRECO)	109	38,1	177	78	91	34,0	177	72
Rioxa, A (TLR)	4	28,6	10	-	2	14,3	12	2
C. Valenciana (TAL)	110	35,9	196	92	115	36,7	198	64
Total	1.363	47,8	1.385	658	1.247	46,7	1.414	643

(1) Porcentaxe obtido sobre os expedientes que tiveron tramitación completa e efectiva

(2) Pendentes, desistidas, arquivadas e sen efecto

Fonte: CES España, Memoria sobre la situación económica y laboral

ascendeu a 53,5 miles de persoas (45,2 miles de traballadores máis que no ano anterior), e o das xornadas non traballadas a 144,6 miles de xornadas (129,9 miles de xornadas máis). Fronte ao descenso acontecido nestas dúas variables en 2003, no último ano a medra de traballadores participantes e das xornadas non traballadas rexístrase nas catro provincias galegas.

▲ CADRO 2.1.30.

No que atinxe á actividade dos órganos xestores dos diferentes sistemas autonómicos de solución extraxudicial de conflitos laborais, o **cadro 2.1.29.** amosa que o número de conflitos nos que se interveu en Galicia ascendeu en 2004 a 36, dos que trinta e dous corresponderon ás conciliacións-mediacións e catro ás arbitaxes. O número de traballadores afectados foi de 40.926 (o 2,8% do total estatal) e o de empresas ascendeu a 15.519 (o 11,9%).

A efectividade na resolución das conciliacións-mediacións desenvolvidas foi en Galicia do 78,2%, sendo esta porcentaxe do 46,7% no conxunto do Estado. Comparado co resto das comunidades autónomas, o **cadro 2.1.30.** amosa que Galicia é a comunidade con maior efectividade na resolución do conflito. ■